



72



MULLERES
NO 25
DE XULLO

EDICIÓN EXCLUSIVA DE



elCorreoGallego

Xoves 25 de xullo de 2019

Applus⁺

Galicia

Experiencia + Innovación + Cercanía

Comprometidos co noso país



25 de Xullo
Día de Galicia

Applus⁺

APÓSTOL
2019



ANA
MARÍA
PASTOR
JULIÁN

Vicepresidenta
Tercera
del Congreso

Hoy es el día grande de Galicia: el momento de conmemorar nuestra identidad. De felicitarnos por el orgullo de esa "tierra de fabla antiga, hija de Roma" que nos relatava Valle-Inclán; pero también por el sentimiento que hace siglos nos abrió al mundo, con una voz y un camino propio y universal a la vez.

El camino que cada día proyecta el ser abierto y cosmopolita de la sociedad gallega. Ese mismo que nace y se desarrolla a semejanza del Santo que alumbró su leyenda: el Apóstol Santiago, cuya figura festejamos cada 25 de julio como el más valioso reflejo de un pasado, un presente y un futuro de progreso en común.

Porque Santiago es más que el patrón de esta tierra gallega y de España. Es el germen de una de las experiencias más contundentes de libertad, derechos y valores que vertebran Europa y Occidente. Y a lo largo de muchos siglos ha contribuido a trazar ese gran proyecto de dignidad humana, igualdad, solidaridad, respeto y paz que, desde la civilización judeocristiana, representa uno de los puntales de la democracia occidental.

Por eso, valoro como un profundo honor la invitación para participar de estas páginas con las que EL CORREO GALLEGO quiere contribuir a nuestra festividad, y que me permite compartir ideas y reflexiones con tantas y tan admirables mujeres gallegas que, en este siglo ya avanzado de progreso, como el peregrino, jamás

La igualdad: un camino universal

se rinden ni abandonan etapas, sino que están decididas a crecer, convivir y aportar todo su potencial en condiciones de verdadera justicia y libertad.

Decía el maestro Castelao que "el verdadero heroísmo está en transformar los deseos en realidades y las ideas en hechos". Y es precisamente ese heroísmo transformador -que de forma silenciosa e imparable ha caracterizado siempre a la mujer gallega-

“ No es casual que, por primera vez en la historia de Galicia, las medallas Castelao hayan recaído en su totalidad en el talento, la proyección y el sentimiento de mujeres ejemplares

que hoy marca la agenda de nuestros días.

No es casual que, por primera vez en la historia de Galicia, el mayor de nuestros reconocimientos civiles, el que premia la perfección, el simbolismo y la trascendencia de obras realizadas con entrega y fe en nuestra cultura, nuestra historia y nuestro ser, las medallas Castelao, haya recaído en su totalidad en el talento, la proyección y el sentimiento de mujeres ejemplares.

Porque ya nadie niega que el devenir de los grandes acontecimientos que va a traer consigo la próxima era se escribirá en femenino, que la nuestra es una demanda universal, un único corazón que late con fuerza en todos los rincones del mundo; desde el Camino de Santiago hasta la península hermana de Kii, con su Kumano, la única ruta de peregrinaje, junto a la nuestra, declarada Patrimonio de la Humanidad.

Esa demanda universal, ese latido compartido, pude sentirlo hace tan solo unas semanas en el Foro Global de Mujeres

Líderes en Política 2019, celebrado con carácter previo a la reunión del G-20 en Tokio. Una Cumbre en la que mujeres de más de 80 países debatimos sobre la igualdad de género y el empoderamiento de la mujer.

Lamentablemente, las desigualdades siguen siendo flagrantes en prácticamente todos los ámbitos: educativo, laboral, económico, acceso a la tecnología... Y si hay algún campo en el que queda mucho camino por recorrer, es en la salud, como tuve la oportunidad de constatar participando en el debate Mujer y salud.

Indudablemente, la salud es una vía de promoción de la libertad, la equidad y la prosperidad de las mujeres. Es un derecho fundamental. Sin embargo, tres cuartas partes de la humanidad -unos 4.500 millones de personas- no pueden elegir libremente la dieta que siguen, lo que comen, el ambiente en el que se desenvuelven, o sus condiciones de trabajo. Y en esta inequidad el género todavía juega un papel fundamental.

Son muchas y muy

enriquecedoras las iniciativas que los países estamos llevando a cabo, como los Objetivos de Desarrollo Sostenible de la Agenda 2030. Pero lejos de lo que pudiera parecer, la brecha en salud no es un problema únicamente ligado a la falta de desarrollo económico, social o democrático.

En los países avanzados, la incorporación de la mujer al mercado laboral, las dobles o triples jornadas, o la asunción de nuevos roles también deben ser tenidos en cuenta de manera especial a la hora de abordar los problemas de salud y también para superar todas las inequidades -sociales, económicas, laborales y políticas- que nos impiden prosperar.

Si queremos llevar a cabo políticas públicas que acaben con la desigualdad en todos los ámbitos, es imprescindible que la mujer tenga por derecho propio un lugar prioritario en la toma de decisiones desde las instituciones públicas y desde la sociedad. Que superemos por completo las diferencias e impedimentos que traban nuestro libre desarrollo como ciudadanas, como profesionales, como trabajadoras y como protagonistas que somos en la sociedad del siglo XXI.

Es nuestra obligación con el presente para hacer efectivos los derechos de las mujeres del futuro. Una tarea inexcusable si queremos transformar en realidad ese deseo de construir, al fin, una sociedad auténticamente inclusiva, equitativa, justa, libre y sana.



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

www.monfortedelemos.es

APOSTOL
2019

Galicia, camiño de talento

CARMEN
POMAR
TOJO

Conselleira de
Educación,
Universidade e
Formación Profesional

Un ano máis asómome a esta universal ventá da comunicación neste sinalado día de Galicia, no día de Santiago, no día da universalidade. Esta vez fágoo desde a gran responsabilidade asumida hai xa dez meses como conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, posto que estou a desempeñar levada pola vocación de servizo aos galegos e galegas e pola paixón que esperta en min o proxecto que o presidente Núñez Feijóo está a desenvolver desde hai unha década.

Recentemente chegada da outra beira do Atlántico, despois dun interesante periplo que me levou a universidades tan recoñecidas internacionalmente como Harvard ou a Universidade de Connecticut e que me achegou a expertos en educación como Carmen Fariña ou Fernando Reimers, veño de confirmar que Galicia pode e debe ser un referente para o Estado en materia educativa.

Os máis de vinte anos que me dediquei como investigadora e docente universitaria a proxectos

de innovación educativa e atención á diversidade confírenme unha visión lonxitudinal que vai parella á evolución do sistema educativo de Galicia, reforzada por unha perspectiva máis transversal derivada do coñecemento da realidade noutras comunidades autónomas. Galicia depende do que pasa en España, pero depende, en gran medida, de si mesma. Por fortuna contamos coas condicións necesarias para trazar o noso propio camiño, un camiño non exento de obstáculos, pero sempre frutífero e cunha dirección clara, un camiño sólido e resolto con máis esforzo nos treitos máis elevados e con persistencia naquelas etapas máis levadíis. Un camiño que conduza á liberdade que lles permita aos galegos que nacerán neste século XXI escoller o seu futuro sen impedimentos derivados das circunstancias económicas, sociais ou familiares.

Un dos meus mentores, profesor respectable a nivel internacional polos seus traballos no campo do talento, Joseph Renzulli, fala da intersec-

ción de tres factores para que un individuo desenvolva o seu potencial, isto é capacidade intelectual, motivación e creatividade, todo canalizado por un contorno que promova ese potencial e por unha serie de condicionantes relacionados co liderado nun mundo en constante cambio e por unha serie de funcións executivas baseadas en características socio-emocionais. Pois ben, nun exercicio de colectivización do modelo e a súa aplicación a unha sociedade determinada, atopamos en Galicia un magnífico potencial que a través dunha impresionante capacidade de traballo se reinventa no día a día cotiá. Tócanos seguir aprofundando nese liderado ben dirixido e na orientación a unha meta que faga Galicia aínda máis forte e sólida. A Galicia da nova década ten que empezar a construírse desde xa, desde onte, desde hoxe, desde aquí, pero tamén desde alí, desde o novo e desde o vello. Trátase dunha Galicia que conxuga a tradición, o popular, o máis enxebre cunha porta aberta ao dixital e tecnolóxico. Unha Galicia que non se conforma con

reter e conservar, unha Galicia que atrae, unha Galicia que encara novos retos.

Nesta Galicia verde azulada, familiar, innovadora e que coida a mocidade, a educación é un dos piares do desenvolvemento. Cada quen desde a súa responsabilidade, debemos traballar para que o sistema educativo promova a excelencia na aprendizaxe da cidadanía da Galicia deste século. Máis e mellor educación significan máis posibilidades de desenvolvemento, e este, á vez, permite dedicar máis recursos á educación. Isto explica por que canto maior é o avance dunha sociedade, maior volume de recursos dedica a actividades académicas. No só porque pode facelo, tamén porque sabe que, para manterse nese nivel, ten que seguir investindo e esforzándose.

Cada época histórica conta cunha visión xeral que lle permite interpretar os acontecementos, as cousas que pasan na sociedade. No século XXI este esquema motor é a plasticidade, entendida como capa-

cidade fundamental de transformación. A educación inflúe nos nosos hábitos cognitivos, emocionais e executivos. Unha escola que recoñece a diferenza como virtude e a diversidade como capacidade detecta e favorece as singularidades de cada estudante e, polo tanto, axuda a descubrir, canalizar e potenciar ese talento individual, lonxe de ser excluínte ou clasificadora, convértese en reforzadora de capacidades e compensadora de debilidades.

No día de Galicia, no día de Santiago, no día da universalidade por excelencia de todos os que sentimos o orgullo de sermos galegos e a ledicia de sermos acollida da peregrinación de xentes chegadas de todas as partes do planeta, é de recibo recoñecer que Galicia pode servir de referencia no Estado por ter un modelo educativo de calidade, que debe seguir recibindo impulso de cara á excelencia e que debe seguir apostando polo talento. Así o reivindicamos e procuraremos seguir avanzando sen pausa e sen descanso.



pingota
COMUNICACIÓN

Unha axencia con selo periodístico



www.pingota.com



pingota@pingota.com



/pingotacomunicacion



/pingotaCom

Lamas de Laraño, 34
Santiago de Compostela
parrillaoestablo@gmail.com

O Establo

Las brasas de Santiago



981 53 75 60
606 04 15 93

APÓSTOL
2019

Santiago, cidade de concordia



MILAGROS
OTERO
PARGA

Ex valedora do pobo e catedrática de Filosofía do Dereito

Hai poucos días estiven na oficina do peregrino. Presentábase unha ONG denominada #UP2U. Asistín de bo grado, como fago sempre que se trata dunha iniciativa que sirva para axudar ás persoas que o necesitan. O meu traballo como valedora ensinome a importancia de "estar aí", de atender ás persoas que che requiren con independencia de que poidas ou non axudalas no caso concreto. Moitas veces iso non é posible porque, con independencia da xustiza ou inxustiza da súa pretensión, que eu non discuto a non ser que sexa unha manifesta ilegalidade, non sempre é factible prover todas as necesidades que se presentan. Con todo si é posíbel, e necesario diría

eu, atender a quen solicita axuda.

Vivimos nunha sociedade onde as persoas perdemos o hábito de escoitarnos. Atendemos, iso si, ás mensaxes que se nos presentan, moitas veces falsas, sen darnos conta de que poden romper a vida das persoas. Atendémolas porque son "novas", mellor mesmo se son "escandalosas", pero non indagamos sobre a verdade das mesmas. Non usamos moitas veces o sentido común, aquel do que todos dispomos, para analizar a situación e tratar de pescudar se é ou non certa.

A sociedade non escoita, non exercita a empatía, vulga sen máis, e no seu xuízo algunhas veces non hai cabida para a "presunción de inocencia". Aínda que ben pensado, moitos se fían daqueles que si deberían emitir os seus xuízos con razón e verdade, pero tam pouco o fan.

Iso non sucede na institución do Valedor do Pobo nin na cidade de Santiago de Compostela segundo entendo e desexo. Na primeira institución, porque a súa función, que se eleva a vocación, como xa tiven ocasión de defender en variadas ocasións, consiste en axudar; simplemente niso. Estamos aquí, porque a sociedade necesita quen a defenda cando sente que non foi escoitada. Seguramente me dirán que iso xa o fai o poder xudicial e é verdade. Pero os xuíces actúan de diferente maneira. Seguen procedementos

legais pre-establecidos e formais, e polo mesmo ríxidos, por non falar de que teñen un custo económico (excepto está, claro, para aquelas persoas acreedoras da Xustiza gratuita), e están sometidos ás demoras que dimanan da necesidade de seguir os pasos que marca a propia lei, e cuxa finalidade é asegurar un proceso legal que garanta o cabal exercicio dos dereitos de todos.

A oficina do Valedor do Pobo non está suxeita a ningunha destas cautelas. Estamos presentes na sociedade simplemente para escoitar, para tender pontes, para axudar sen xulgar, e por iso os nosos procedementos de actuación son tan diferentes aos do poder xudicial.

Precisamente por iso, debemos acompañar á sociedade en actos como a presentación da ONG á que me referín ao comezo deste artigo.

Pero neste caso dita presentación foi para min aínda máis agradable. Foino porque esa organización busca axudar e reintegrar na sociedade aos mozos que nalgún momento afastáronse da legalidade cometendo delitos ou faltas, e que agora queren volver a ela. A ONG ofrece, por así dicilo, unha segunda oportunidade, aquela á que todos temos dereito. E esa segunda oportunidade viña da man do Camiño de Santiago. A través do percorrido polo Camiño eses mozos conseguen recuperarse, retomar a súa vida con ilusión, conscientes do seu deber para consigo mesmos e pa-

ra coa sociedade. O Camiño serve de bálsamo, de lugar de encontro e de perdón.

Efectivamente ese Camiño, do cal Santiago é a meta que ofrece a quen o percorre moitos beneficios. As persoas que cremos en Deus como é o meu caso, dámoslle un sentido transcendente, pero todas as demais, recoñécenlle polo menos un beneficio claro de procura dun mesmo, como dixer, de encontro e de perdón.

O reto de chegar a Santiago ofrece a quen o consegue a certeza de concluir un traballo ben feito; a certeza de chegar a unha meta longamente desexada. Pero ademais ofrécelles todas as vivencias que conducen a sentirse en paz cun mesmo. A tranquilidade de vencer os obstáculos, de atoparse vencendo dificultades.

Ao longo do camiño sófrese, as persoas que o fan cánsanse, senten dor, senten fame, frío, calor, soidade, cansazo, pero seguen camiñando. Fano con esperanza, con espírito de superación. Nese momento están soas e alcanzan a paz. A tranquilidade das cousas ben feitas. A sensación de plenitude que se alcanza cando se está a gusto consigo mesmo.

Ese é un dos grandes encantos do propio Camiño. Buscar a tranquilidade de estar a ben cun mesmo, de dar importancia ás cousas que realmente a teñen e de deixar pasar as outras. A de aplicar o ensino de TAGO-

RE cando recomenda "non chores por non poder ver o sol porque as túas bágoas non che deixarán ver as estrelas".

Os peregrinos a Santiago non choran por non poder ver o sol, ao revés, oriéntanse polas estrelas que lles levarán a Compostela. Así foi sempre e así segue sendo agora. Esas estrelas están no firmamento sen dúbida pero tamén no interior de cada un, de maneira que só poden atoparse mirando cara a dentro.

Santiago de Compostela é sen dúbida unha cidade especial, unha cidade universal, unha cidade de perdón e de reencontro. Aquí fálanse todos os idiomas, pero non como nunha imaxinaria Torre de Babel onde ninguén podía entenderse, senón como un lugar onde a comunicación flúe por enriba da forma que cada cal elixa para comunicarse.

Santiago é unha cidade Santa, un lugar de peregrinación, un lugar que perma-

neceu no tempo, e que lonxe de perder importancia revalorízase cada ano cos miles e miles de peregrinos que nos visitan para lembrarnos o que somos como cidade. Unha cidade que non nos pertence, pois é Patrimonio da Humanidade, pero que sentimos como nosa e temos obrigación de protexer, conservar e mellorar, pois é nosa propia casa.

Reivindico hoxe na festa de Santiago Apóstolo patrón de España o orgullo de ser galega, o orgullo de ser compostelá, e o orgullo de ser española, pois estas tres condicións, lonxe de excluírse, complementáanse entre si. E pido ao noso Santo Patrón prosperidade para esta terra, bo xuízo para os seus gobernantes, intelixencia para os seus lexisladores e xustiza para os seus xuíces.

Os peregrinos que chegan a esta cidade de concordia e perdón alcanzaron a súa meta e seguramente melloraron a súa vida. Desexo para as galegas e galegos no día de hoxe que sexan capaces de mellorar as súas exercitando a honradez, a concordia, o perdón e a prosecución da xustiza.

Eu nunca deixei de facelo nin na miña condición de profesora, nin na miña vocación de valedora e seguirei facéndoo en calquera que sexa o meu traballo, porque é a miña convicción e a miña responsabilidade. Agradezo a quen así o viron a súa confianza en min, e ofrézolles o meu afecto e agradecemento imperecedeiro.

« Santiago de Compostela é sen dúbida unha cidade especial, unha cidade universal, unha cidade de perdón e de reencontro

COMO CONCELLO GALEGO UNÍMONOS, E TAMÉN CONMEMORAMOS O DÍA DE GALICIA

concello de oroso

DEPORTE

CULTURA

PAISAXE

OROSO para vivir

www.concellooroso.com

APOSTOL
2019

Galicia non só un día?



**ROSARIO
ÁLVAREZ
BLANCO**

*Presidenta do
Consello da Cultura
Galega*

A identidade galega ten cada 25 de xullo unha data que celebrar. Para nosoutros, galegos e galegas, que gustamos de marcar os almanaques, de encheiros de efemérides, de recrear tradicións, usos e costumes..., este día sobresa dos demais. Debémolles ás Irmandades, que seguimos a ter moi presentes noonsel das celebracións do seu centenario, e ao irrepertible grupo aniñado arredor da revista *Nós*, que celebraremos en 2020; mais tamén, en tempos máis recentes, a cantos recolleron esa man tendida pola historia para fixaren -en textos programáticos e nos documentos normativos e administrativos que nos rexen- esta data como o día grande para exhibir e reivindicar orgullosamente a nosa identidade. É a nosa Alba de Gloria.

No ano 1919 reuniuse en Santiago a II Asambleira Nacionalista Galega. Apro-

bou moitas medidas significativas de corte social e económico: a creación dun banco para fomentar o comercio de exportación, a construción do ferrocarril na costa, a celebración da Festa do Emigrante no día de Santiago para estreitar os lazos entre os galegos da metrópole e os que residen fóra...; entre elas, fixar unha data para unha gran celebración patriótica. Imporíase o 'Día de Santiago' fronte a outras propostas menos marcadas pola coincidencia relixiosa, en especial a do 17 de decembro, data en que foi decapitado o mariscal Pardo de Cela, convertido en icona do sometemento da cultura galega. Claro que na intención dos seus impulsores e na súa realidade actual o Día de Galicia, a festa nacional galega, é moito máis có Día de Santiago.

Esta é unha xornada simbólica para cele-

brarmos o nosos bens colectivos e identitarios. E entre eles a lingua, cerne da nosa cultura e do noso fito diferencial, un símbolo e, asemade, unha preciosa ferramenta que debe ser tratada con especial atención por parte de todos e todas. Non é coma as galas dun día, que logo poden volver á arca. É un tesouro vivo que se arreenta no uso diario e así cobra vizo co paso do tempo, de xeración en xeración; que pasou de boca en boca desde os albores desta comunidade e foi agarimada por todo un pobo para chegar mellorada ata nós, que temos a obriga de deixárllela aos nosos herdeiros. Nosoutros, galegos e galegas do século XXI, non somos os donos da lingua: somos só os gardiáns temporais deste patrimonio colectivo, desta poliña do patrimonio inmaterial da humanidade que chamamos 'lingua galega'.

A lingua, coma a música, viaxou alén mar na equipaxe dos nosos emigrantes e exiliados. Cando as sociedades galegas da outra beira do Atlántico celebraron o Día de Galicia (Arxentina, Uruguai, Venezuela, Cuba...) fixérono, como non podía ser doutro xeito, un 25 de xullo e na nosa lingua. Se aquí, nos anos escuros, o galeguismo se concentrou en San Domingos de Bonaval ao redor da misa por Rosalía de Castro, da outra banda do mar eran os teatros os que se enchían para escoitar a Castela, Suárez Picallo e tantas outras figuras que mantiveron o pulo da nosa cultura. E ben está en Alba de Gloria, o discurso que felizmente reconstruímos desde o Consello da Cultura Galega en forma de exposición para todos os públicos. Neste exemplo maxistral de oratoria en lingua galega, Castela lembra que a

importancia está no pobo, na tradición, máis que nesta Historia, con maiúsculas, transitada por grandes persoeiros galegos mais que de seguido nos traizo. Redunda na liña de que as persoas que falan ou escriben acotío, as que gardaron e transmiten as palabras e expresións, as que alentan o patrimonio lingüístico no día a día... son as que teñen por dereito a chave do tesouro.

Volve outra vez a Castela e aproveito a súas palabras de broche nese mítico discurso do ano 48: "Velaí o que eu quería dicir neste Día de Galiza, en louvor da nosa Tradición, por riba da nosa Hestoria, a tódolos galegos (...). Que a fogueira do espírito siga quentando as vosas vidas e que a fogueira do lume nunca deixe de quentar os vosos fogares". Galicia vive na súa lingua, todos os días.



Soluciones integraís para o ciclo completo da auga

www.espinaydelfin.com

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

...> A Deputación **que queres**

25 de xullo
Feliz Día de Galicia



APOSTOL
2019

Abrir un tempo novo cara á Galiza soñada



ANA BELÉN
PONTÓN
MONDELO

Portavoz Nacional
do BNG

Vivimos tempos de grandes desafíos colectivos que temos a capacidade de encarar con éxito se tomamos as decisións acertadas

que nos permitan iniciar un novo rumbo para Galiza.

Quixera mencionar tres deste grandes retos. O primeiro manter a nosa identidade nun mundo globalizado, proxectando a Galiza a nivel internacional e apostando por máis poder político. O segundo, afrontar cambios estruturais no tecido produtivo, para xerar emprego de calidade, coidar o medio natural, atallar a crise ambiental e acabar co espolio dos nosos recursos. E terceiro, responder as demandas do feminismo que, enchendo as rúas, deixou patente o fastío das galegas co machismo e a desigualdade e reclama unha resposta institucional que non se produciu.

Seguramente, as persoas que están lendo este artigo agora mesmo pensan que falta un reto relevante: a sanxra demográfica. E teñen razón

porque é unha cuestión clave para o noso presente e futuro como país, mais situar o foco do na demografía é un erro. O problema non é a demografía é a economía.

O tempo constatou que as políticas de estímulo natalista, -con medidas como os cheque bebé, ou as caixas finlandesas-, non serviron para atallar os números vermellos da demografía galega. Ao contrario, desde a súa implantación a crise poboacional non parou de empeorar até situarnos nos peores datos da nosa historia.

Hai que ir ás causas profundas: a necesidade dun novo modelo económico que poña a riqueza ao servizo do país e dunha estratexia produtiva que aposte polos sectores básicos, pola innovación e a captación e retención

do talento. Ademais, hai que frear a emigración, -200.000 galegos e galegas na última década, a maioría menores de 35 anos-, e crear as condicións para o retorno cunha actuación intensa para recuperar a unha parte relevante das persoas que se viron forzados a marchar e volverían de ver expectativas de futuro.

Pero os desafíos que ten Galiza non poden afrontarse cun goberno sen proxecto de país, instalado na autocompracencia e na propaganda que en dez anos deixa un balance cheo de sombras. En síntese podemos describir o decenio negro de Feijóo como un período no que medraron as desigualdades sociais, se deterioraron os servizos públicos, no que se destruíu tecido produtivo, se descapitalizou boa parte da industria galega, se venderon a pre-

zo de saldo malvenderon as caixas de aforro e se deixa a Galiza á cola da innovación.

Responder a esta pregunta Re tomar unha decisión en consecuencia é a principal decisión que imos ter que afrontar en 2020, cando sexamos convocados as urnas nas eleccións galegas.

Desde o BNG temos claro que o país necesita aproveitar esa cita electoral para abrir un novo tempo político, porque Galiza non ten porque resignarse a ser un cada vez con menos poboación porque a mocidade non vexa máis futuro que o da emigración.

Temos recursos, potencial e capacidade para construír unha Galiza mellor: con emprego digno, servizos públicos de calidade, con desenvolvemento produtivo pero sustentable, orgullo da nosa lingua e

da nosa identidade como pobo. Para poñer en marcha esa Galiza que podemos ser, hai que mudar o rumbo e desde o BNG traballamos coa mantida cara todas as persoas que queremos un cambio real, un cambio en clave galega.

Como portavoz nacional do BNG, digo con humildade pero con orgullo que temos o que se necesita para ser os catalizadores do cambio: un proxecto de país, unha organización sólida, coherente e unida, que se renova pero que ten a fortaleza de toda a experiencia acumulada e bo facer de moitos anos ao servizo de Galiza.

Neste 25 de Xullo, Día da Patria galega, facemos un chamamento a confiar en todo o potencial que hai no país e apostar por un proxecto propio, pensado desde Galiza e para Galiza, non dependente do que decidan desde Madrid. Non son tempos de tirar a toalla ou caer na desesperanza, ao contrario son tempos de ter confianza, de soñar a Galiza que queremos e nos merecemos. O cambio xa está en marcha e vai ser imparábel.

APOSTOL
2019

Os tres 25 de cada ano



GORETTI
SANMARTÍN
REI

Portavoz
do BNG no Concello
de Santiago

Cada cuadrimestre do ano ten, na Galiza e en Santiago, o seu reivindicativo día 25, o elixido para causas fundamentais e transformadoras.

No mes de abril toda Galiza festexa a Revolución dos Cravos e a nosa histórica ligazón con Portugal e Santiago é unha festa cultural de actividades e recoñecementos que atinxen a súa máxima expresión cando falamos de José Afonso, con quen esta cidade

ten unha inmensa débeda de gratitude e que explica que nela sempre o 25 de abril teña intensa e emotiva presenza.

Compostela ten todas as características precisas (episodios biográficos de protagonistas desta historia en común, lugares de referencia de cultura galego-portuguesa, embaixadoras/es de Galiza na (i)lusofonía, importante presenza de persoas portuguesas e brasileiras entre nós...) para ser un espazo de relacionamento e de encontro actual coa cultura do país irmán.

A finais de ano Compostela sae á rúa cada 25 de novembro para combater o feminicidio e deixar constancia de que queremos rematar coa violencia patriarcal. Novamente, hai uns días, unha muller galega foi asasinada pola súa ex parella, un home que tiña unha orde de afastamento que incumpriu. Casos como este, con denuncia previa e, por tanto, coa obriga do poder político de garantir a protección da vítima, dan conta do gran fracaso social e político nun problema estrutural que cada vez consegue maior visibilización e rexeitamento mais que é difícil abordar mentres non se recoñeza que o machismo, e a violencia machista, é consubstancial a este sistema de dominación e ao

modelo capitalista en que vivimos. Mátannos por sermos mulleres. Mátannos por rebelarnos. Mátannos por non calar, por non consentir, por dicir Abonda. Cada vez que asasinan unha muller sentimos coitelos na gorxa e desexamos con forza que o mundo pare, que non continúe pensando que é unha máis. Por iso desexamos con forza que todas as xentes nos acompañen até a Praza 8 de marzo e que sexa imposíbel polas rúas andar e que todas as persoas baixen dos seus coches e se unan a nós. Nun berro unánime contra o feminicidio.

Santiago ten todas as características (centro administrativo e político, cidade universitaria, importante experiencia activista, investigación feminista) para ser motor de transformación e exemplo pioneiro de políticas alternativas.

Eno medio do ano álzase poderosa a data do 25 de xullo, do Día da Patria, dese sentir colectivo de que somos unha nación e temos dereito a exercer como tal. O 25 é un día para a reivindicación política, para o orgullo e a alegría. Para alén de percorrermos as rúas, desde a Alameda até a Quintana, é o tempo do Festi- gal, da nosa música, das nosas

letras, de mostrar a nosa potencia, o noso talento e as nosas posibilidades. Porque acreditamos neste país onde se fala o mellor galego do mundo sairemos encher Santiago cos nosos berros e engalanar as nosas casas e balcóns coa nosa bandeira. O 25 de xullo é un momento de reencontro con moreas e moreas de persoas boas e xenerosas, unhas que viven noutros lugares do noso País, outras que se viron forzadas a emigrar e están desexando voltar

Toda a nación colle ese día na nosa pequena Compostela, eixo da reivindicación soberanista de Galiza. E as arelas das mulleres sempre estiveron aí. De feito, xa un 25 de xullo de 1934 as mulleres foron protagonistas dunha manifestación que rematou cantando o himno ante a estatua de Rosalía na Alameda.

Este 25 de xullo a capital da nosa nación dá comezo a un período de grandes retos e oportunidades. A nivel galego este Día da Patria marca o camiño que nos leva a sermos a alternativa política para este País nas eleccións galegas de 2020. Cos brazos abertos a quen quixer construír connosco. Mais tamén a nivel local, esta é a hora de desafíos que significan deseñar a Compostela que queremos para a

próxima década. Estamos nun momento complexo, nas vésperas dun Xacobeo.

Se algo soubemos nos últimos anos é que o auxe dun modelo de turismo masivo de visita rápida e moi localizada estaba a causar xa certos prexuízos á veciñanza de Santiago. E está provocando, tamén, mudanzas nos costumes, nos lugares a que acudimos habitualmente e, o que é máis preocupante, aínda que esta non sexa a única causa, contribuíndo de maneira acelerada ao despoamento da zona vella.


Nos próximos meses escoitaremos falar de plans e proxectos, de investimentos e promesas. Xa comezamos tamén coas previsións cuantitativas. "Vannos visitar dez millóns de persoas", dixo o alcalde de Santiago, "e temos que ter todo preparado para a ocasión". Mais, non quedaramos que apostabamos por un turismo de calidade?, que queriamos mudar o modelo para conseguir maior número de pernoctacións, descentralización e deslocalización das persoas visitantes? E non pensabamos que o importante era mellorar as condicións de vida das persoas que habitan en Compostela, si, a fin do camiño, mais tamén

a capital de Galiza e o lugar onde moitas persoas vivimos e traballamos todos os días.

Para o BNG, o número de persoas que nos visiten non é o máis importante. Non pode selo, á vista do acontecido. Por riba de todo, o obxectivo ten que ser ofrecer uns servizos de calidade e excelencia, que poidan manter datos de satisfacción para o sector mais, fundamentalmente, para as persoas que habitamos día a día neste fermosísimo recuncho do planeta. A consolidación dun destino turístico como Santiago pasa tanto pola calidade e excelencia dos servizos como por manter a súa identidade e continuar a ser unha cidade viva e dinámica. O noso Concello ten que se ofrecer como o que é: un espazo do mundo global e característico, diferenciado, con lingua e cultura propias.

Compostela ten todas as características para ser un espello da nosa nación, esa nación de que sentimos tanto orgullo cada 25 de xullo, un día que será cada vez máis noso e poderoso na medida en que se empape do espírito do 25 de abril e de que saia ás rúas cada vez que se produza un feminicidio como se fose 25 de novembro. Porque todos os días do ano temos que nos gabar do compromiso feminista, temos que traballar por reforzar lazos e conexións da cultura galego-portuguesa e temos que exercer os nosos dereitos nacionais.

Fachada del edificio principal de Televés, obra de Acisclo Manzano Freire, escultor gallego.
En la obra se definen espacios celestes y rasgos de peregrinos alusivos a los múltiples caminos.



UN CAMINO QUE NOS INSPIRA

Televés siempre ha preservado con orgullo los valores compostelanos a través de su crecimiento empresarial en Galicia, en España y en Europa, e incluso en los rincones más insospechados de los cinco continentes. Y allí donde nuestro camino nos lleva procuramos dejar nuestra impronta, aportando el valor de la marca Televés a través de los productos que diseñamos y fabricamos.

Ese espíritu de esfuerzo que conlleva la peregrinación a Compostela es también parte de nuestra inspiración para superarnos en nuestros retos. Siempre dando más, siempre llegando más lejos.

En este día tan señalado para los santiagueses, nos sumamos a las felicitaciones y nuestros mejores deseos para nuestra ciudad y su patrimonio histórico.



Edificio principal de Televés en Conxo



Construcción de la Puerta Santa patrocinada por Televés



Exposición Códices patrocinada por Televés



**APOSTOL
2019**

Al Apóstol en tren (o 120 años de camino)

**ISABEL
PARDO DE VERA
POSADA***Presidenta de Adif y
Adif Alta Velocidad*

El 15 de septiembre de 1873 tenía lugar la inauguración oficial de la línea ferroviaria entre Carril y Cornes, el primer ferrocarril gallego, con 42 kilómetros de recorrido y seis estaciones intermedias. Unos pocos años más tarde, el 24 de julio de 1899, víspera del Día de Santiago, se completaban los 32 kilómetros que unían Carril con Pontevedra, quedando de esta forma enlazado el ferrocarril compostelano al resto de España y a Portugal.

Hoy, 120 años después, la línea de alta velocidad Madrid-Galicia, revitalizará la conexión de nuestra tierra con la Meseta. Una conexión que generará una oportunidad de desarrollo social y económico sin precedentes para esta tierra. Porque ya no hablamos de Galicia y de una red de Alta Velocidad gallega 'sin más': hoy hablamos de una Euroregión Galicia-Norte de Portugal y de un Eixo Atlántico del Noroeste Peninsular. De cohesión territorial con mayúsculas.

Este camino de Santiago no ha sido ni es fácil; podemos recurrir a Emilia Pardo Bazán, mirada de mujer vehemente y revolucionaria, definitivamente gallega, para echar una mirada atrás y conocer de primera pluma cómo eran las cosas 12 décadas antes. Publicaba nuestra insigne coruñesa en el mes de julio de 1891, también en días del Apóstol, su relato *Días Toledanos*, en el que da cuenta de un viaje realizado a la monumental capital de Castilla-La Mancha, describiendo con su afilada prosa la mejorable comunicación ferroviaria con Madrid:

“Dispusimos pasar la noche en Toledo; no había otro recurso, gracias a la combinación de trenes, a mi parecer absurda (...) total, un viaje de siete horas para cuatro que pueden disfrutarse en Toledo. Yo no entiendo de movimiento ferroviario; pero se me figura que no sería difícil arreglarlo un poco mejor, especialmente si el tren anduviese punto más que una ga-

lera, y si invirtiese en el camino, a lo sumo, hora y tres cuartos”.

Y hablaba de Madrid-Toledo. Los trazados ferroviarios gallegos siempre han estado condicionados por un accidentado relieve que ha dificultado las comunicaciones ferroviarias con el centro peninsular. De hecho, la primera línea directa entre Madrid y Galicia, por Zamora y Ourense, no se logró hasta 1958. La nueva línea Madrid-Galicia, diseñada para velocidades máximas de 350 km/h (por fin punto más que una galera, Doña Emilia) permitirá alcanzar un tiempo de viaje entre Santiago y Madrid inferior a las tres horas.

La llegada de la alta velocidad supone, además, para las estaciones de su recorrido, obras de adaptación y modernización de instalaciones, así como una mejora del urbanismo de las ciudades. Algunas de ellas con nombre insigne, como la estación en A Gudiña llamada 'Porta de Galicia' por su ubicación geográfi-

ca, un nombre con atributos, que acompañará a de otras estaciones gallegas no especialmente importantes por sus dimensiones físicas, sino por otras causas, como la 'Estación Libertad', nombre en clave de la estación de Ribadavia, en la que tres mujeres de este pequeño pueblo de Ourense, Lola, Julia y Amparo Touza, ayudaron a más de 500 judíos a escapar durante la Segunda Guerra Mundial en el año 1941. Y lo hicieron desde el quiosco que regentaban frente a la estación de ferrocarril; hoy optan al título de Justas entre las Naciones.

El ferrocarril es un modo de transporte de mensajeros. Mensajeros de la cultura como Emilia Pardo Bazán o de la libertad como la que ofrecían las hermanas Touza. Muchos de ellos con mirada de mujer, gallega y orgullosa, con mucho que decir; y lo más importante: que lo dice. Por ello nuestro deseo y esfuerzo por conseguir completar una red de ferrocarril de calidad y segura debe ser

imparable, porque trasciende de la realidad física de una infraestructura y persigue contribuir al cumplimiento de objetivos sociales vitales para todos, como es la garantía del derecho a la movilidad.

Deseo que en este 25 de julio, Día de Galicia, nuestra tierra pueda ser visitada y disfrutada en ferrocarril por todos los forasteros. Sin prisas, que se puedan sentir gallegos y parte de esta tierra por unos días, y sin esas inquietudes que sufría Doña Emilia Pardo Bazán contemplando el cuadro del *Entierro del Conde Orgaz* en su viaje a Toledo: “Como en el ser humano existe el germen de todo mal (y de todo bien), yo envidié diez minutos a la dueña de tal tesoro, pensando que podría mirarlo y gozarlo a solas, (...) sin las prisas que impone la necesidad de no perder el tren de regreso”.

Vivir estas fiestas en Compostela bien merece perder un tren, isobre todo sabiendo que, ahora, siempre hay otro de regreso!

*Si no ve bien... visite***LA GAFA DE ORO**

Plaza del Toral, 9 • Tel.: 981 58 05 17 • Santiago

- *Garantía*
- *Calidad*
- *Experiencia*
- *Y buen precio*

E.S. N° E-15-000084

Les desea felices fiestas y agradece su confianza

DESDE 1985

O'PREVE

El gusto por lo natural

Elaboradas artesanalmente

Salsas sin conservantes ni colorantes artificiales

Salsas Churrasco

Líquenos

www.salsasopreve.com

Galeón RAINA cervexería

DESAYUNOS, COMIDAS Y CENAS Abierto todo el día de 11.00 a 01.00 h

Rúa da Raiña, 17 B - bajo / Santiago T. 981 577 676 • www.galeonraina.com

- Raciones • Platos combinados • Ensaladas • Bocadoillos
- Hamburguesas • Perritos • Sandwiches
- Menú del día • Comidas para llevar

Servicio de cocina ininterrumpido

COMIDAS Y CENAS Abierto de 10.00 a 01.00 h

Galeón Tournal cervexería

Cantón do Tournal, 4 • Santiago • T. 981 586 140

APÓSTOL
2019

Linguaxe e feminismo



**VERÓNICA
MARTÍNEZ
BARBERO**

*Presidenta do
Consello Galego de
Relacións Laborais*

Nesta data tan sinalada tócanos reflexionar sobre a nosa idiosincrasia, sobre aquilo que nos define como pobo, como país.

As persoas do ámbito das Ciencias Sociais –si, escoitaron ben, o “social” tamén é “ciencia”– na súa meirande parte das ocasións miramos cara ao mesmo lugar: o idioma.

Esta publicación é un escaparate que nos brinda ás mulleres EL CORREO GALLEGO precisamente para que falemos dende o xénero acerca de aquilo que nos evocan Galicia e o feminino. Como adiantei Galicia é, entre outras cousas, pero para min sinaladamente, o galego. Doutra banda, pensar en feminino trasládame inmediatamente a pensar en feminismo.

En consecuencia, a iniciativa que fai anos dirixe El Correo Gallego está a evocar unha sorte de xuízo aristotélico, cuxa resolución pasa polo feminismo e pola lingua é, como ditan as normas siloxísticas, pola relación entre elas, rematando a solución nunha única sentenza: a linguaxe do feminismo.

Continuando coa análise terminolóxica, o feminismo, na súa definición aceptada –a lo menos, polas persoas que aceptámolo e abrazámolo– é un movemento que busca a igualdade entre mulleres e homes. Non obstante, aínda hai persoas que creen que o feminismo somos mulleres enfadadas. Razóns non nos fallan para estalo, de aí seguramente o erro...

Aínda vivimos nun mundo no que o xénero pode ter consecuencias importantes no teu futuro. Se es home, especialmente se es un home branco, esas consecuencias poden ser moi positivas. Con todo, se es muller, o futuro enfróntache a incontables obstáculos, que empezan polo acceso á educación e abranguen os máis diversos factores sociais e vitais:

No ámbito educativo, as mulleres representan dous terzos dos 792 millóns de persoas adultas analfabetas no mundo, segundo a Unesco.

Nos países en desenvolvemento, o 79% das mulleres economicamente activas pasan as súas horas de traballo producindo alimentos, traballando na agricultura. As mulleres representan o 43% da forza laboral agrícola destes países menos adiantados. Con todo, as colleitas das agricultoras son entre un 20 e un 30% menos produtivas que as dos agricultores. A que se debe esa diferenza? As mulleres traballan peor a terra, en xeral, polo feito de ser mulleres? Non; está demostrado que ese prexuízo deriva de que elas teñen menos acceso a sementes melloradas, a fertilizantes e a equipos adecuados. As vantaxes de eliminar as disparidades de xénero no sector agrícola mundial non son estrita ou unicamente éticas, senón que son aritméticas; calcúlase que confiando máis recursos ás agricultoras poderíase reducir ata en 150 millóns o número de persoas que sofren fame no mundo.

Un terzo das mulleres do planeta son obrigadas a casar antes dos 18 anos; unha de cada nove casa antes de cumprir os 15. Unha vez nos seus fogares, nelas concéntrase entre o 85 e o 90% do tempo que se adica á preparación das comidas familiares. Con todo, en moitos países, a tradición dita que as mulleres coman as últimas, despois de que todos os membros homes e os nenos fixéranos. Esta orde de prelación ten consecuencias: nos países en desenvolvemento, aproximadamente a metade de todas as mulleres en estado de gravidez son anémicas. Cada ano, a carencia de ferro é a causa de máis de 100.000 falece-

mentos durante o parto.

Estes tres apuntes son case anecdóticos, pero serven para aproximarnos ao fenómeno da discriminación por razón de xénero nun planeta infestado de brechas, no que ser muller, máis aínda ser muller de cor, máis aínda muller pobre, supón nacer a unha vida moi difícil, moito máis difícil que a que ha afrontar un home en idénticas circunstancias xeográficas, económicas e sociais.

Mais Europa sempre presumiu de valores propios, diferenciais, que sitúan ao vello continente a un nivel cultural, filosófico, moral, moi superior...tamén en materia de discriminación por razón de xénero?

Acabemos con algún mito pola vía dos feitos probados, dos datos publicados polo Instituto Europeo de Igualdade de Xénero:

Menos do 14% das persoas á fronte de embaixadas europeas son mulleres.

Hai 91 reitores universitarios en Europa por cada 9 reitoras.

De cada 100 grandes empresas, só 3 contan cunha presidenta; as grandes cotizadas dos 28 países da Unión Europea teñen de media un 26% de mulleres nos seus consellos.

As mulleres europeas asumimos, de media, 13 horas de traballo doméstico máis por semana.

A invisibilidade das mulleres para os medios de comunicación é extremadamente manifesta: só o 26% das protagonistas de noticias son mulleres. E nas series de televisión, só 3 de cada 10 protagonistas son mulleres.

Tamén os cidadáns, cidadás e empresas europeas poñemos o noso gránito de area na explotación doutras nacionalidades: o 80% das persoas que son vendidas e compradas para ser explotadas sexualmente en Europa (procedentes sobre todo de Romanía, Paraguai, Colombia, Honduras e ultimamente, Venezuela), son mulleres e nenas.

Este contexto social deixa o seu ronsel nas relacións laborais de modo moi contundente. No ámbito do traballo e do emprego é, ademais, onde imos atopar o engarce co que é, en realidade, o obxectivo

das miñas verbas: por de manifesto, por en valor, a linguaxe propia do feminismo.

Empecemos por un concepto que sen ningunha dúbida é o máis coñecido: o ‘teito de vidro’, ‘techo de cristal’ ou ‘the glass ceiling barriers’. Esta expresión úsase para definir unha superficie superior invisible na carreira laboral das mulleres, difícil de traspasar, que nos impide seguir avanzando. A súa natureza imperceptible vén dada polo feito de que non existen leis nin dispositivos sociais establecidos, nin códigos visibles que impoñan ás mulleres limitación algunha. O teito está construído sobre a base doutros trazos, que pola súa invisibilidade, precisamente, son difíciles de detectar.

Alguns dos estereotipos que configuran o ‘teito de cristal’ fórmulanse da seguinte maneira: “as mulleres temen ocupar posicións de poder”; “as mulleres non lles interesa ocupar postos de responsabilidade”; “as mulleres non poden afrontar situacións difíciles que requiriran autoridade e poder”.

Estes estereotipos teñen múltiples incidencias: por unha banda, convierten ás mulleres en non-elixibles para postos que requiriran autoridade e exercicio do poder. Por outra, hai mulleres que asumen estes estereotipos interiorizándoos, repetíndoos case sen cuestionalos, e coma se fosen o resultado de eleccións propias.

O ‘teito de cristal’ é un concepto importante, non só pola necesidade de identificación e eliminación das condutas que o compoñen, senón sobre todo porque a súa popularización serviu para unha primeira toma de conciencia sobre a existencia da discriminación por razón de sexo no ámbito laboral.

Con todo, parece que por fin conseguimos superar a errónea idea de que a discriminación das mulleres no mundo das relacións laborais e o emprego circunscríbese ao tan manxoneado ‘teito de cristal’.

Chamamos ‘chan pegañento’ ás forzas que manteñen a tantas mulleres atrapadas na base da pirámide económica. Este ‘suelo pegañoso’ refírese ao traballo maternal, ao traballo conxugal e ao traballo doméstico, os cales impoñen unha adhesividade que dificulta o desenvolvemento dunha carreira laboral. As responsabilidades e cargas afectivas e emocionais do ámbito doméstico acaban recaendo con carácter exclusivo ou preferente sobre as mulleres, atrapándonos cos lazos dos afectos, que dificultan ou impiden a nosa saída e realización persoal lonxe do ámbito familiar. O enfrontamento, a rebelión e a ruptura non sempre son posibles e crean situacións emocionais e familiares conflitivas e desgarradoras. O ‘chan pegañento’ constitúe unha forma de escravitude con lazos de seda.

Fálase do ‘gueto de veludo’, ‘gheto de terciopelo’ ou ‘velvet ghetto’ como o conxunto de sectores profesionais e laborais que se feminizan e acaban considerándose traballos aptos só para mulleres, o que inmediatamente implica unha redución salarial, empeoramento das condicións laborais e dificultades de ascenso.

A división sexual do traballo non só supón a repartición dos postos entre as persoas en función do seu sexo, senón, sobre todo, a valoración destes de forma desigual, minusvalorando de forma sistemática aqueles asociados ás mulleres.

Isto implica que para acabar coa desigualdade de

xénero non bastará con re-partir postos desiguais entre as persoas en función de criterios distintos ao sexo, senón que deberemos cuestionar a distinta valoración dos diferentes traballos, recursos e coñecementos relacionados con cada tarefa, con cada posto.

Por último, cando se alude de modo estrito á separación tradicional entre empregos tipicamente femininos e tipicamente masculinos, entón a acepción que se utiliza é a de ‘paredes de vidro’.

Teito de vidro, chan pegañento, gueto de veludo, paredes de vidro...Todas estas expresións son necesarias porque as persoas feministas somos conscientes de que o primeiro paso cara á igualdade é a toma de conciencia sobre a discriminación, e precisamente a linguaxe blíndanos a posibilidade de conseguir unha visualización rápida, unha identificación plástica de cada un dos retos existentes para conseguir a efectiva igualdade entre mulleres e homes no ámbito laboral.

Por desgracia, algunhas persoas utilizan a nosa propia terminoloxía para negar a súa existencia real, para facela pasar por pura entelequia. Alen diso, é mais doado recoñecer unha expresión verbal cando a trasladamos a unha realidade que poda ser visualizada e, neste caso, constatada incluso. Resulta, polo tanto, imprescindible trasladar o debate desde a subxectividade dunha linguaxe deliberadamente expresiva aos desberadamente recoñecidos datos estatísticos.

Paredes de vidro: hoxe en día, a metade da poboación activa a escala mundial traballa no sector servizos, un ámbito no que predominan as mulleres. A proporción de mulleres neste sector en España ronda o 60%.

Nas súas proxeccións para o ano 2018, a OIT, alertando do incremento do emprego vulnerable, manifestou de modo contundente que a incidencia das malas condicións de traballo é moito máis elevada neste sector que no industrial, onde se acumula porcentualmente moito máis emprego masculino.

Pasa a página siguiente

“O ‘teito de cristal’ é un concepto importante, non só pola necesidade de identificación e eliminación das condutas que o compoñen, senón sobre todo porque a súa popularización serviu para unha primeira toma de conciencia sobre a existencia da discriminación por razón de sexo no ámbito laboral”

Viene de página anterior

Este gueto de veludo está relacionado coas preocupantes barreiras específicas de xénero, que exercen un efecto dominou no tipo e grao de protección social que recibe unha muller ao longo da súa vida. A modo de exemplo, debido á súa menor participación no mercado laboral, a súa tendencia para cobrar salarios inferiores e a gozar dun acceso menor que os homes ao crédito e a outros recursos, as mulleres poden enfrontarse a unha inseguridade maior en termos de ingresos e ter menos acceso a (e cobertura por parte de) os instrumentos de protección social de carácter contributivo, como as pensións, a prestación por desemprego ou mesmo o seguro de saúde. Neste sentido, en torno ao 65% da poboación mundial que superou a idade de xubilación e non recibe ningún tipo de pensión ordinaria está composta por mulleres. Isto significa que dos 320 millóns de persoas en idade avanzada que viven sen ingresos regulares no mundo, 200 millóns son do sexo feminino.

Estes datos non son unha casualidade, claro. Axudaranos a entendelos a seguinte información: as mulleres migrantes teñen un peso maior na forza de traballo global que as mulleres non migrantes. Estas mulleres migrantes concéntranse en sectores predominantemente feminizados, pero co engadido de que adoitan enmascarse dentro da coñecida como 'economía informal', dentro do sector do coidado ou o sector servizos. Un dos grupos máis vulnerables de traballadoras migrantes son as empregadas do fogar, a inmensa maioría, mulleres, que se ven sometidas a precarias condicións laborais, longas xornadas de traballo e un acceso limitado ou nulo á protección social. Por exemplo, a escala mundial, preto do 60% das persoas que traballan como empregadas do fogar carecen de limitacións en canto á duración da súa xornada laboral.

Pero nin sequera necesitamos situarnos extra- legem para atopar outros porqués á pobreza laboral e post-laboral do xénero feminino. Desde limpar e cocíñar ata recoller auga e leña ou coidar da descendencia e persoas maiores, as mulleres asumen unha carga desproporcionada de traballo non remunerado en todo o mundo. O traballo non remunerado sustenta a economía e a miúdo suple a falta de gasto público en servizos sociais e infraestructura. De feito, calcúlase que o traballo non remunera-

do e o emprego do fogar alcanzan un valor equivalente de ata un 40% do produto interior bruto a nivel mundial. Isto significa que podería contribuír máis á economía que a industria, o comercio ou o transporte. En España, segundo datos do INE referidos ao ano 2019, máis do 66% das tarefas domésticas recaen aínda en nós.

Mesmo cando nos afatamos do chamado traballo informal pero tamén do traballo non remunerado, a situación das mulleres integradas plena e legalmente no mercado laboral é peor que a dos traballadores homes; para empezar, os datos amosan que as asalariadas teñen maior probabilidade de estar desempregadas que eles. Así, a taxa de emprego a nivel europeo das mulleres sen descendencia é do 65%, mentres que a dos homes é do 73%. A alusión á prole que acabo de efectuar non é casual; na Unión Europea, as nais son castigadas no acceso ao emprego polo feito de selo e os pais, en cambio, son premiados, e, ademais, en maior proporción en ambos os casos segundo se incrementa o número de descendentes. No caso de tres ou máis descendentes, a taxa de emprego diminúe ata o 55% para as mulleres, e a dos homes aumenta ata o 84%.

Se nos centramos en España, a segregación por sexos abarca tanto os salarios, como a xerarquía dentro da empresa, pasando case na súa totalidade polo resto de condicións laborais.

As súas causas son as mesmas que no resto do mundo; por unha banda, son culturais, en concreto por unha asignación tradicional de roles (chan pegañento); por outra, débense a unha configuración preconcebida, inxusta e patriarcal do mercado laboral, que establece clasificacións dos postos de traballo con asignación de xénero, prexudicando a inclusión das mulleres en igualdade de condicións (aquí atopamos o teito de vidro, as paredes de cristal, e os guetos de veludo).

A segregación en España reduce a libre elección de emprego, e reforza os estereotipos de xénero; produce unha segregación vertical (tendencia dos homes para conseguir traballos mellores) e unha horizontal (mulleres e homes escollen diferentes tipos de traballos); obstaculiza a conciliación familiar e laboral, estreitamente relacionada co desempeño dun traballo desigual e, por último, facilita a subvaloración dos

empregos ocupados maioritariamente por mulleres.

Unha ollada ás modalidades de contratación en función da duración da xornada, resulta paradigmática neste contexto: o 72% dos contratos a tempo parcial en España ocúpanos mulleres e a maioría, case o 60%, non elixiu libremente a parcialidade.

Estes "minijobs" trouxeron como primeira consecuencia a creación dun novo tipo de persoa asalariada: o chamado "traballador pobre". Atendendo a que máis do 70% dos contratos a tempo parcial están subscritos por mulleres, e se creemos -eu, decididamente- na importancia da linguaxe, quizais sería hora de chamar ás cousas polo seu nome: deixar de falar de "o traballador pobre" e utilizar a expresión "a traballadora pobre", para definir a aquela persoa que, a pesar de gozar dun emprego retribuído, non pode dar resposta ás necesidades primarias máis elementais (vestido, abrigo, comida, vivenda, educación...).

Este non é un problema menor: a porcentaxe de traballadoras pobres en España é case o máis alto da UE, só superado por Romanía.

A defensa da linguaxe como ferramenta de cambio social non debe traducirse en exixir que todas as solucións á discriminación das mulleres deban ser abandonadas polos poderes públicos. Existen factores que inciden na desigualdade que se atopan vencellados a condicións cuxa actuación non só é factible a nivel sectorial, de empresa ou de centro de traballo, senón mesmo preferible ou inescusable. Dous campos resultan elementais: a loita contra o acoso no traballo e a brecha salarial.

Neste sentido, é coñecido que a violencia contra as mulleres pode limitar o noso potencial económico e social e ter unha incidencia significativa na nosa saúde física e mental, que poden conducir ao absentismo, a perda de oportunidades de promoción e ata de postos de traballo.

Pois ben, o 9% das mulleres españolas sufriu algún tipo de acoso sexual no traballo e un 15% padeceu acoso verbal. Entre 2008 e 2015, case 2.500 mulleres interpuxeron denuncia en España por acoso sexual nos seus postos de traballo. Estes números poden parecer alarmantes, pero aínda poderían selo máis, porque a realidade é que máis do 65% das vítimas de acoso laboral non se atreve a denunciar.

Chegamos por fin ao pro-

blema que pouca xente é capaz de explicar, pero que os datos impiden negar, por máis que se empeñe niso unha grande parte do respectable: a fenda salarial.

A fenda salarial aínda está moi presente hoxe, tanto ten se alguén pensa que é só un recurso da linguaxe ou un acto de fe. A discriminación do xénero feminino no ámbito retributivo é unha realidade que non vai desaparecer coa súa negación; a lo mais, poderemos acabar por ignorala, como levamos anos a facer.

As europeas cobramos dous euros menos por cada hora de traballo que os europeos; é dicir, de media, a diferenza salarial por hora por razón de sexo en Europa sitúase ao redor do 20%. Para as mulleres cuxos salarios están no 1% máis alto da escala, a diferenza é de ata o 45%.

No estado español, segundo o último dato do INE, o conxunto de salarios recibidos por mulleres suma un 22,9% menos que o dos homes, en termos brutos anuais.

En Galicia a fenda salarial de xénero tardaría 615 anos en eliminarse se o ritmo de equiparación salarial fose o actual: estamos nun 28% de diferenza salarial media entre homes e mulleres.

Os convenios colectivos en España e en Galicia impiden a discriminación salarial pura e dura. Por iso hai moitas persoas que, como pouco, cuestiónanse de onde vén a brecha salarial ou mesmo outras pretenden negar a súa existencia. O feito é que a brecha salarial, ademais da súa relación coas barreiras estruturais e culturais integradas no chan pegañento, está intimamente vencellada ás

paredes de cristal, ao gueto de veludo e ao teito de vidro:

Recoñécese distinto salario a empregos que teñen igual valor, segundo estean realizados por un home ou unha muller. O exemplo clásico é a diferenza salarial, fixada nos propios convenios colectivos, entre unha limpadora de oficinas e un limpa-cristais. Non podo dicir que coñeza as sutilezas técnicas das tarefas de limpar un cristal e limpar un váter. Con todo, e en condicións de traballo equivalentes, é dicir, que non exixan o uso de técnicas de posicionamento mediante cordas ou outros medios de traballo en altura, a min, así de primeiras, antóllaseme evidente cal das dúas tarefas é máis penosa.

Precisamente en relación cos complementos que premian determinadas características laborais, é usual atopar un número nada depreciable de pluses que beneficien as tarefas máis masculinizadas dentro da empresa, en detrimento de aquelas en as que a ocupación é fundamentalmente feminina. Así, no ámbito das empresas da conserva, elaborados e frío industrial, os convenios colectivos ou acordos de empresa recoñeceron e, aínda nalgún caso recoñecen, pluses de penosidade ou perigosidade aos traballos de loxística ou mantemento, ocupados nunha porcentaxe de case o 100% por homes, mentres que outros labores histórica e tradicionalmente feminizados, pero que en realidade poden resultar moito máis penosos desde o punto de vista preventivo, como son a limpeza e despezamento de peixe ou o traballo en túneles de frío, quedan excluídas deste tipo de remuneracións.

É frecuente tamén que, na práctica, as horas extraordinarias compénsense economicamente naqueles sectores e actividades vinculados ao emprego masculinizado (naval, sidero...) e compénsense por descanso, a través en moitos casos de bolsas de horas -unha hora extra por unha hora de descanso-, en empregos que integran o gueto de veludo (saúde, axuda domiciliar ou educación).

Por último, ás veces obtéñense diferentes recoñecementos en función do sexo, ou simplemente as opcións de promoción laboral ou profesional non son as mesmas. Neste apartado resulta chamante o sector agrario cooperativizado, onde para adquirir a condición de socio ou socio é necesario ser titular da explotación, cando é máis que coñecido que, por razóns culturais relacionadas

coa tradición, e en ningún caso á realidade do traballo na explotación agraria, son os homes os que ostentan a titularidade desta na súa maior parte.

Mais a mais, no caso de postos de traballo que usualmente están excluídos dos convenios, ou ben teñen retribucións superiores ás previstas para o seu grupo profesional, é dicir, nos cargos xerenciais, as diferenzas son tamén notorias, sempre a favor dos homes. Os CEO homes gañan de media un 12% máis que as mulleres que desempeñan o devandito posto; se falamos de Directores ou Directoras, a diferenza é case dun 10%; nos postos de xerencia, a fenda salarial é do 6%; nos de supervisión, do 4% -case parece pouco! - e un analista home gaña un 7% máis que unha muller que desempeñe o mesmo posto.

Pero é que, como xa sabemos, en canto aos postos de responsabilidade nas empresas, a brecha salarial non é o único problema que as mulleres debemos afrontar: na maioría das empresas, os cargos non adoitan estar nas nosas mans. Aquí temos o teito de cristal trasladado a datos, en España: só un 6% dos CEO son mulleres; as persoas de xénero feminino só ocupan un 15% dos postos de dirección, un 27% das xerencias, un 28% das xefaturas intermedias e un 40% dos postos de analista. As mulleres representamos o 60% das persoas con licenciaturas, graos e posgraos en España e o 45% do mercado laboral, pero ao chegar á alta dirección das compañías, esta porcentaxe, en xeral, descende ao 10%.

Aí están os datos. Aí queda para quen a precise, tamén, a mais prosaica das escusas: se as mulleres desempeñáramos unha función idéntica á dos homes nos mercados laborais, se conseguíramos acabar cos teitos de vidro, os guetos de veludo, as paredes de cristal e o perigoso chan pegañento, o produto interno bruto mundial anual podería aumentar nun 26% de aquí ao ano 2025.

Chamemos dunha vez a las cousas polo seu nome. Utilicemos con propiedade a linguaxe que este século XXI exige. Poñamos en valor o que temos que outras persoas no pasado non puideron disfrutar: un idioma propio, o galego, que debemos protexer, que podemos usar con liberdade -a lo menos, na Constitución e na lei- e unha linguaxe que os tempos por fin configuraron como esencial, a linguaxe da igualdade, a linguaxe feminista.

A fenda salarial aínda está moi presente hoxe, tanto ten se alguén pensa que é só un recurso da linguaxe ou un acto de fe. A discriminación do xénero feminino no ámbito retributivo é unha realidade que non vai desaparecer coa súa negación; a lo mais, poderemos acabar por ignorala, como levamos anos a facer



Feliz Día de Galicia

Hoye, máis que nunca, estamos orgullosos desta nosa terra. Das súas paisaxes, da súa xente, dos seus negocios e das súas empresas. Hoxe temos moitas razóns para seguirmos festexando xuntos:

- Apoio ó 90% das pemes e autónomos galegos.
- Inversión de 3 millóns de euros nas 3 universidades públicas galegas.
- Proxectos solidarios, de voluntariado e inclusión que axudan ó progreso das persoas e da sociedade galega.

Parabéns no teu día, Galicia.

**APOSTOL
2019**

A Galicia das mulleres

**CARMELA
SILVA
REGO***Presidenta da
Deputación de
Pontevedra*

A enorme contribución das mulleres ao desenvolvemento social e económico do noso territorio nunca se visibilizou na súa xusta medida. Relegadas ao traballo doméstico e sen poderen acceder ao ensino universitario ata 1910, é fácil comprender a carreira de obstáculos que as mulleres da provincia de Pontevedra e do conxunto de Galicia tiveron que sortear para obter unha boa formación e exercer en ámbitos profesionais moi masculinizados coma o da medicina, a investigación ou a tecnoloxía.

A situación cambiou de forma manifesta nas dúas últimas décadas. A independencia económica, a progresiva conquista de dereitos sociais e, sobre todo, a incontestable mobilización feminista dos últimos anos propiciou que as mulleres

ocupemos cada vez máis espazo nas institucións, no mundo da empresa, na xudicatura e en sectores coma a sanidade ou a educación. Afrontamos unha gran transformación social que non ten marcha atrás, e correspóndenos ás administracións promover cambios para acelerar este gran salto: lograr unha sociedade máis xusta e igualitaria onde as mulleres poidamos exercer plenamente os nosos dereitos e ocupar o espazo que nos pertence.

Por que non se estudan nos colexios a Olimpia Valencia, a primeira galega licenciada en Medicina? Por que tardamos case un século en recoñecer a grande achega científica de Elisa e Jimena Fernández de la Vega, esta última promotora

da investigación xenética en España? Non estamos ante casos illados. Coma elas, son moitas as galegas que romperon moldes en moi diversos ámbitos do coñecemento e cuxos logros pasaron case desapercibidos para o gran público.

Na Deputación de Pontevedra estamos a apostar desde hai catro anos polas políticas de igualdade e os proxectos que axudan a visibilizar o talento feminino pasado, presente e futuro para corrixir esta grande inxustiza histórica. A creación da Escola de Igualdade María Vinyals, coa que se reivindica o legado da escritora e precursora do feminismo nacida no castelo de Soutomaior, foi só a primeira dun conxunto de iniciativas orientadas a reivindicar as grandes mulleres

esquecidas da provincia de Pontevedra.

A consolidación dos Premios Sofía Novoa Ortiz e a máis recente creación coa Universidade de Vigo da Cátedra de Feminismos 4.0 son dous novos avances que perseguen este mesmo obxectivo, o de dar a coñecer o traballo de moitas grandes mulleres obviadas no relato oficial da nosa propia historia e sen as cales non seríamos o que somos.

Non hai mellor oportunidade que o Día de Galicia, o de todas as galegas e galegos, para destacar a nosa responsabilidade na consecución dunha sociedade máis igualitaria, na que as mulleres exerzamos o protagonismo e liderado que nos corresponde. Desde o ámbito público debemos integrar a perspectiva de

xénero de forma transversal na nosa xestión e contribuír a visibilizar o legado do conxunto da cidadanía e non só da metade que moita viña ocorrendo ata agora.

É o momento de recuperar e enxalzar as traxectorias da oceanógrafa Ángeles Alvariño; da correspondente de guerra Sofía Casanova; da considerada "nai" do hóckey sobre herba en Galicia, María Antonina Sanjurjo Aranaz; da creadora María Cagiao; da mestra María Dios; ou da historiadora Pura Lorenzana. Debemos rescatalas do esquecemento colectivo xunto a moitas outras galegas ilustres para convertelas en referentes e modelos exemplares para as novas xeracións. Debemos traballar para que o seu legado siga vivo na nosa memoria e nos axude na construción dunha nova Galicia das mulleres.

**APOSTOL
2019**

Innovación para as persoas, competitividade para Galicia

**PATRICIA
ARGEREY
VILAR***Directora da
Axencia Galega de
Innovación (GAIN)
da Xunta de Galicia*

Cando na Xunta desañamos as políticas de innovación para Galicia non só pensamos nas universidades e nos centros de investigación. Tampouco pensamos exclusivamente nos centros tecnolóxicos e nas empresas. Pensamos sobre todo nas persoas. Nos investigadores e investigadoras, nos profesionais que impulsan a tecnoloxía e a innovación, nos empresarios e empresarias que queren cambiar a forma de facer as cousas, e en todas aquelas persoas que apostan polo emprendemento como canle de saída ao mercado para as súas ideas novas. E, por suposto, en todos os galegos e galegas que se benefician das melloras na calidade de vida e do crecemento da nosa economía que permite a I+D+i feita en Galicia.

Esta maneira de enfocarnos as medidas coas que a Xunta apoiou a innovación durante os últimos dez anos contribúe a que hoxe Galicia estea nunha posición compe-

titiva no mercado, pero, sobre todo, a que o impacto disto chegase a cada un de nós, os cidadáns e cidadás.

Hoxe podemos ofrecer as condicións necesarias para que calquera investigador desenvolva a súa carreira en Galicia, en universidades e centros de investigación que son referentes en áreas coma a biomedicina ou as TIC.

Tamén puxemos os medios para que os que están fóra e queren volver o poidan facer, sobre todo porque en Galicia se desenvolven proxectos apaixonantes. Grazas ao programa Oportunus, varios científicos galegos e galegas destacados pola súa excelencia na UE están hoxe desenvolvendo grandes proxectos aquí.

Se facemos isto é porque contemplamos o talento como un valor imprescindible para que a I+D+i galega sexa excelente e competitiva a escala global. Nos últimos anos reforzamos

esta liña con programas como Principia e Talento Sénior, enfocados a apoiar a contratación de persoal de I+D+i en empresas e organismos de investigación e que representan unha oportunidade para desenvolver unha carreira profesional plena sen saír de Galicia.

Enfrontamos con éxito o enorme reto que supón tender pontes no chamado val da morte, que separa os resultados das investigacións do mercado. A chamada transferencia de coñecemento recibe un apoio firme desde a Xunta a través de programas como o Ignicia, que facilita a comercialización de solucións creadas polos investigadores como os biomateriais para rexeneración ósea obtidos do dente de tiburón. Neste programa contamos coa colaboración da Fundación Barrié, unha liña que acabamos de reforzar coa posta en marcha de novas actuacións neste mesmo ámbito.

No campo das empresas, tratamos de adap-

tar permanentemente os instrumentos de apoio á innovación ás súas necesidades. Apostamos pola innovación aberta de xeito firme e o tempo está a demostrar que a colaboración entre estas e as universidades e centros de coñecemento é a fórmula máis eficiente.

Por suposto, no ámbito empresarial a nosa atención veuse centrando, e así seguirá sendo, nas pemes, que representan o 99% do noso músculo produtivo. A valentía de moitos pequenos e medianos empresarios e tamén dos emprendedores que asumen os riscos asociados á innovación é un valor de primeira orde para Galicia e o seu futuro. Por iso centramos os nosos esforzos neles e nelas, en que se vexan acompañados pola Axencia Galega de Innovación en cada paso que dean.

E todo isto sen perder o ritmo de Europa, conseguindo que a nosa Estratexia de Especia-

lización Intelixente fose destacada pola UE. Nesta senda, o próximo gran reto son os hubs de innovación dixital, ventaniñas únicas de acceso a tecnoloxías innovadoras para as empresas e, en especial, as pemes. Este é un paso máis na especialización que debemos abordar para centrarnos nos ámbitos nos que somos realmente competitivos. Isto axudaranos a internacionalizar a nosa I+D+i e posicionar nos en Europa coas capacidades que mellor dominamos e que nos distinguen. En definitiva, as que nos permitirán sobresaír e fortalecernos en mercados máis alá das nosas fronteiras.

Eno que vén para o futuro, as persoas seguirán sendo a nosa motivación e a nosa guía porque é aos galegos e ás galegas ás que nos debemos cando pensamos na mellor maneira de que todos os días, coma hoxe, poidamos celebrar Galicia.



Cuidar el planeta en el que vivimos
empieza por cuidar el aire que respiramos.

5 de Junio Día Mundial del Medioambiente.

Referente internacional en la lucha contra el cambio climático.
Un líder mundial en energía renovable.



**APOSTOL
2019**

Galicia, patria e matria

**SUSANA LÓPEZ
ABELLA***Secretaria Xeral da
Igualdade*

No 25 de xullo, Día de Galicia, da Patria, da Matria, da Galicia Muller, da Galicia en Feminino, da Galicia Plural, os galegos e galegas somos e temos 2.701.743 razóns, todos e cada un de nos, homes e mulleres, para querer, amar e respetar a esta Gran Galicia Nai que nos veu nacer. Unha Galicia de personalidade aberta, diversa, xenerosa e tolerante.

Foron e son moitas as mulleres que fixeron e fan posible a Galicia de hoxe, xa que a nosa historia é unha historia de mulleres; mulleres que apostaron por ver crecer a Galicia; mulleres que souberon adiantarse ao seu tempo e nos ensinaron a todos e a todas o valor da nosa terra. As mulleres galegas de hoxe, aprendimos dos consellos e da sabiduría das nosas avoas, das nosas nais e das nosas mestras ensináronnos ben, moi ben, por eso hoxe as mulleres afrontamos o presente e o futuro con valor e determinación, seguras de nos mesmas

Hoxe é un día de recordo e de recoñecemento ao legado da coraxe, sabedoría e independencia que nos entregaron as nosas

pioneiras e, temos a responsabilidade de transmitir esta herdanza ás novas xeracións de homes e mulleres.

As herdeiras deste valor e da paixón, son todas as mulleres que dende as distintas esferas públicas traballan día a día para defender os seus dereitos.

Galicia é máis grande grazas as súas mulleres: mulleres traballadoras, mulleres profesionais, mulleres imparables, mulleres sen medo a nada nin nadie, mulleres que deron e dan o paso na investigación, na industria, na tecnoloxía, no emprendemento, na sanidade, nas ciencias, na universidade, na innovación, no mar, no rural, nas artes, na cultura, na comunicación, no medio ambiente, no deporte...As mulleres poñemos o noso talento a disposición de Galicia e, o noso futuro é Galicia.

Innovación, do latín "innovatio", crear algo novo, porque as mulleres temos o poder de crear, de transformar, de cambiar o mundo que nos rodea. Ao longo da historia, foron moitas as mulleres que, dende diferentes disciplinas, crearon algo novo, sendo visionarias, sendo

referentes... Aínda que a maioría delas non tiveron no seu momento todo o protagonismo que deberan, nin sequera a visibilidade que lles correspondía, o seu carácter innovador, impúxose fronte aos obstáculos, superando as diferencias de acceso a formación, ao mercado laboral, superando a invisibilidade.

Son moitas as mulleres que amosan a súa valiosa pegada na sociedade. O desigual acceso das mulleres a unha formación non foi impedimento para que moitas destacaran polas súas habilidades, polo seu liderado ou polo seu enxeño. O talento non é algo sinxelo de agochar e ten múltiples vertentes. Abrangue dende a destreza innata para as ciencias, a arte ou a cultura ata a creación de novos proxectos.

As mulleres somos conscientes da importancia de avanzar no mundo creando conciencia colectiva e cambios na estrutura social. As mulleres, coñecedoras e conscientes da importancia de avanzar nun mundo que muda a velocidades vertixinosas representan,

sen dúbida, un papel fundamental no cambio. arriscan cada día por construír un presente máis libre, tolerante, ecolóxico e enfocado a diversidade

As mulleres de hoxe, temos que ser quen de seguir acadando éxitos, conquistando espazos e chegando a todas as esferas.

Hoxe é un día para alegrarnos polos pasos dados na dirección de cimentar unha sociedade galega máis equitativa, máis cohesiva e máis competente. Unha sociedade que é capaz de vivir con máis igualdade as diferenzas que existen entre as persoas que a integran, nesta ocasión, as diferenzas entre mulleres e homes, as cales nos axudan a ver e comprender os matices que nos enriquecen e que, polo tanto, nos dan a oportunidade de crecer no noso desenvolvemento persoal e colectivo.

Pero, igualmente, é un día para mirar ao futuro e reflexionar sobre os retos e as metas que aínda nos quedan por abordar. Porque o futuro pertence a quen cre nos seus soños e a maneira máis efectiva de facelo é facelo.

Acadar éxitos, conquistar espazos e ser precursoras do futuro. Por iso as mozas teñen que saír e agarrar ao mundo polas solapas. porque se as mulleres baixan os brazos, o ceo cae.

Grazas a todas por ser a forza transformadora e de cambio máis importante da sociedade. Felicidades a todas as mulleres: ás de hoxe, ás de onte e ás de mañá; ás destacadas, as que non o foron, pero o son; ás que alcanzaron nas súas vidas boa parte de canto queren e ás que aínda non o conseguiron.

Hoxe podemos sentir satisfacción polo conseguido, pero ante todo, debemos de reafirmar os compromisos de futuro. Estamos a fortalecer a consecución da igualdade real, que é un dos trazos máis distintivos dunha sociedade avanzada, moderna e aberta. Facémolo con paso enérxico. Facémolo acompañadas por todos os homes que perseguen este mesmo obxectivo.

Que o ritmo non se deteña, que o paso non se minore e que ninguén neutralice a vontade de cambiar as cousas que aínda deben cambiar.

VACAPREMIUM

DISTRIBUIDOR DE FRIGORÍFICOS BANDEIRA

Marcos Gálvez 699 433 630 • 886 907 542

Compartimos os mellores momentos

C/ Marín, 3 Baixo (A Estrada) • info@vacapremium.com

Feliz Día de Galicia**Pulpería - Churrasquería****O Tangueiro**

☎ 981 587 026

Ponte de San Lázaro, 14 • Santiago de Compostela



En nombre de la familia **UROVESA** les deseamos un...
¡FELIZ DÍA DE GALICIA!



Pol. Ind. del Tambre, Vía Edison 17
15890 Santiago de Compostela
T 981 58 03 22
www.urovesa.com

**APÓSTOL
2019**

Rebeldes y zombies

**MARTA
GONZÁLEZ
VÁZQUEZ**

Diputada en el Congreso por A Coruña, Vicesecretaria general de Comunicación del Partido Popular

Hace tan solo unas semanas, una destacada figura del panorama político gallego se lamentaba de los malos resultados electorales de sus correligionarios en la ciudad de Santiago publicando en redes sociales que la ciudad, tal y como indicaría uno de los posibles orígenes de su nombre, Compostela -de compostum, cementerios un depósito de restos humanos en descomposición. Se unía así a otras voces de su mismo perfil ideológico que cuando conocieron el resultado en las urnas prefirieron recurrir a la supuesta falta de experiencia democrática y política de nuestro pueblo y a su, también supuesta, condición de gente "alienada" (sic), conformista, resignada y silenciosa, incapaz de hacer valer sus derechos o transformar su presente mediante la acción política.

A nadie escapa que esta visión de Galicia como pueblo paciente y callado tiene mucho que ver con nuestra literatura decimonónica: con Rosalía, en primer lugar, y con su personal y melancólico rechazo a los agravios acumulados durante siglos en los que se vivió el desprecio generalizado a los gallegos, pero también con muchos de los intelectuales románticos y galleguistas, que compartieron esa opinión sobre nuestra tierra. Esa imagen ha calado hondamente en nuestro imaginario colectivo y ha traspasado nuestros límites. Tendemos a olvidar, en cambio, que otros han pintado una Galicia salvaje y feroz, brutal y primitiva, como la que describe Valle-Inclán, por ejemplo, en sus Comedias Bárbaras; que Galicia fue el lugar donde la población urbana y rural se levantó en armas, en "irmandade", contra nobles, laicos y eclesiásticos a finales del siglo XV; que Galicia fue el último reducto de la resistencia fiel al rey Pedro I de Castilla frente a su hermanastro Enrique II, quien acabaría ganando la guerra y sometiendo ese territorio levantisco que era Galicia... Abrumados y prácticamente estrangulados por el peso silencioso de esa teoría que hace del gallego un pueblo resignado, olvidamos todos esos episodios que mostraron el dinamismo y la rebeldía propia de una sociedad viva y abierta. Viveza y dinamismo localizadas muchas veces, en la ciudad de Santiago, en la que sus ciudadanos mostraron su resistencia o rechazo a las demandas de sus señores, los arzobispos y los miembros del cabildo catedralicio, que casi podríamos decir que estuvieron tanto tiempo en rebelión como en pacífica relación con ellos.

Traeré a colación tan solo dos ejemplos, que ejemplifican el carácter levantisco y poco acomodaticio de los compostelanos. El más significativo se produce durante el pontificado del obispo compostelano Diego Gelmírez, en 1116-1117, durante una de las frecuentes visitas de la reina Urraca. En ese momento una serie de ciudadanos compostelanos sublevados se refugian en la catedral, y le prenden fuego. La reina Urraca y el obispo, que se encuentran en el palacio episcopal contiguo, se refugian en la torre de las campanas, pero ante el avance del fuego la reina decide salir y enfrentarse a los sublevados. Estos la agreden, y la dejan malherida y medio desnuda en un lodazal. Gelmírez, aún en la torre, observa espantado lo que ocurre y medita en cómo no correr la misma suerte. Así que se emboza en una capa y consigue salir sin ser reconocido, pasando al lado de la humillada reina sin auxiliarse. Logra salir de la ciudad por la Porta Faxeira, mientras que Urraca consigue gu-

recerse en el monasterio de San Martiño Pinario. Los sublevados permiten su salida después de un acuerdo en el que la reina acepta la victoria de los rebeldes, que, como vemos, tenían poco de sumisos. Urraca y Gelmírez, ambos fuera de Santiago, tardaron poco en unir fuerzas para acabar con la osadía de los burgueses, que, a pesar de ser castigados, no tardaron mucho en volver

En ambos casos queda bien claro que los habitantes de Santiago no podían ser calificados de pacientes y callados; "levantiscos" y "rebeldes" eran de los términos que más se utilizaban para calificarlos, denominaciones que se ganaron a pulso con sus reivindicaciones en muchos momentos de su larga historia como ciudad. Por ello, la búsqueda de justificaciones sociológicas a lo que sólo puede achacarse a la inoperancia y la falta de ideas no es una actitud intelectualmente sólida, sino simplemente un berrinche postelectoral y el recurso a un manido pero poco verosímil tópico.

Los habitantes de Santiago no podían ser calificados de pacientes y callados; "levantiscos" y "rebeldes" eran de los términos que más se utilizaban para calificarlos, denominaciones que se ganaron a pulso con sus reivindicaciones

En ambos casos queda bien claro que los habitantes de Santiago no podían ser calificados de pacientes y callados; "levantiscos" y "rebeldes" eran de los términos que más se utilizaban para calificarlos, denominaciones que se ganaron a pulso con sus reivindicaciones

**APÓSTOL
2019**

Amantes da nosa terra

**MARÍA ISABEL
NOVO
FARIÑA**

Diputada del Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Quero comezar agradecendo un ano máis a oportunidade que nos brinda o Correo Gallego para expoñer as nosas reflexións nun día tan especial para todos os galegos e galegas como é o "Día de Galicia".

O 25 de xullo Galicia vístese de festa, vístese de gala no Día máis grande da nosa Terra rica en Cultura que nos define e nos diferencia, rica en tradicións que nos caracterizan e acolledora que se prepara para albergar o vindeiro Xacobeo 2021, que será sin dúbida un fito histórico.

Nestes últimos anos lembrei a dúas figuras: a D^a Concepción Pérez Iglesias, muller que marcou historia sendo primeira Alcadesa de Ga-

licia, Alcadesa de Portanos anos 20 e a D. Domingo Fontán que puxo rostro á nosa Terra e que temos que seguir descubriendo en Galicia por ser un dos máis ilustres.

Debuxou con gran rigor e detalle a nosa terra e o legado da súa magnitude de traballo supuxo un progreso cultural e económico.

Castelao decía que "para outros a Terra é tan grande que soamente alcanzan a vela no mapa de Fontán"

A Cultura é o conxunto de coñecementos, ideas, costumes e tamén tradicións que caracterizan un pobo. E Galicia ten un amplo, rico e diverso patrimonio cultural... e grandes "Amantes da Terra" que senten Galicia porque

como decía Antonio Fraguas "ser galeguista non é máis que ser Amantes da Terra".

Por iso eu quero acordarme e desexar hoxe:

Feliz díaa aquelas mulleres amantes, únicas, fortes e bravas que lograron e seguirán logrando retos increíbles traballando sen límites.

Unidas en Asociacións que dinamizan os nosos pobos e que achegan e conservan as nosas tradicións.

Mulleres marcando historia como o fixo D^a Concha.

Feliz díaa todos e todas amantes que marcaron historia, grandes ilustres que sempre soñaron coa súa terra como decía Rosalía de Castro "é feliz o que soñando

morre. Desgraciado o que morre sen soñar".

Ilustres que traballaron dende distintos eidos e ámbitos que reivindicaron e reivindicaron os seus sentimentos, compromiso e orgullo polo pobo galego.

A través das súas obras perfilan a tradición popular cunha sensibilidade especial.

Mundo literario, pintores, escultores grandiosos o voso legado artístico

Feliz díaa todos os amantes da música que nos transmiten o que non se poder decir con palabrasmención especial á miña querida Banda Unión de Lantaño, cunha larga historia e traxectoria, un símbolo de traballo, sacrificio e sobre todo superación.

Deixounos unha rica herdanza de gloriosos artistas que levaron o nome de Lantaño e as súas notas musicais por toda a Terra.

E que mellor que rematar co homenaxeado este ano das Letras Galegas, Antonio Fraguas:

"Eu traballei sempre por e para Galicia...unhas veces acertei, outras non...; pero en todo canto levo feito puxen sempre toda a miña ilusión, todo o pouco que sei, sen esperar nada a cambio...."

Para rematar feliz día a todos os "Amantes da Terra" anónimos que traballan para facer grande Galicia sen esperar nada a cambio.

Por todos eles e elas Feliz día de Galicia.



XERAR UN EFECTO POSITIVO NAS PERSOAS FAINOS DIFERENTES

En CaixaBank traballamos para contribuír de maneira responsable ao progreso da sociedade. Por iso, investimos máis de 645 millóns de euros en proxectos de enerxía renovable, formalizamos máis de 100.000 microcréditos e colaboramos en accións sociais cos nosos máis de 14.000 empregados voluntarios, durante o último ano*.

*Datos: total 2018.



MELLOR BANCA RESPONSABLE
EN EUROPA OCCIDENTAL



Banca socialmente
responsable

**APÓSTOL
2019**

Os dependentes e os familiares-coidadores

**MARÍA
SORAYA
SALORIO
PORRAL***Deputada do Grupo
Parlamentario
Popular de Galicia*

Sexa por formación, por experiencia propia, ou do xeito que sexa, todos coñecemos o “períplo” que se sofre cando nos enfreamos á situación sobrevida da enfermidade grave dun familiar que o aboca a dependencia.

O coidado dos nosos doentes ou dos nosos maiores, non por ser tradicional en Galicia, deixa de ser unha “carga” que leva aos coidadores a impotencia, e a sentirse totalmente desbordados, tanto cos coidados, para os que xeralmente non estamos preparados, como coas xestións e papeleos que implican a solicitude das imprescindibles axudas sociais, persoais e materiais.

É probable que coñezamos algúns dos servizos aos que acudir, pero é imprescindible a información

completa, da man dalgún profesional, para axudarnos a facer máis levadeira a situación que inicialmente nos impacta, por moita boa vontade e agarimo que lle poñamos ao coidado dese familiar-dependente.

A SENSACIÓN É DE TER DEIXADO DE VIVIR A TÚA PROPIA VIDA, PARA ESTAR “VIVINDO” ÚNICA E EXCLUSIVAMENTE A SÚA.

A recentemente presentada “Estratexia de crónicos” xa aborda a necesidade de coordinar a atención integral as persoas cunha visión 360º da súa situación persoal e familiar, co doente como centro, valorando a repercusión que a enfermidade ten en distintos aspectos funcionais, mentais e sociais; pero é necesario dar

un paso máis: guiar ao dependente e os seus coidadores desde o primeiro momento, desde a súa estada no hospital, e durante o seu regreso a casa, cara os coidados precisos para a calidade de vida, tanto do doente como da súa familia. Non só se trata de dar unha boa asistencia sanitaria (que tamén), o seguimento do tratamento e evolución posterior a alta hospitalaria é imprescindible.

Importantísimos tamén os prazos de xestión das axudas, para o que é necesario coordinar a toda-las partes implicadas: doentes, familias, coidadores, profesionais sanitarios, servizos sociais, farmacias, asociacións de doentes, etc. A humanización é unha parte fundamental da calidade do servizo que se presta. É preciso sensibilizar aos pro-

fesionais socio-sanitarios sobre a necesidade de identificar de forma temperá a aqueles doentes con necesidades de atención paliativa, para poder ofrecerlles a mellor, e evitar o sofrimento tanto desa persoa como da súa familia. Mellorando así a satisfacción dos doentes e familiares coidadores.

En conclusión, a Política Social galega ten avanzado moito nos últimos anos con respecto á atención aos nosos dependentes, actualmente están atendidas 61.000 persoas, e a cifra continúa aumentando debido en grande parte ao envellecemento da poboación, pero considero que é preciso:

- Continuar na redución e simplificación do papeleo para os familiares.
- Potenciar a colaboración socio-sanitaria in-

tegral, coordinando os Servizos Sociais do propio hospital cos do concello que corresponda, previo a alta, para xestionar as necesidades do doente: atención a domicilio ou ingreso en centro especializado. Dese xeito garantir o confort e calidade de vida do doente e dos seus coidadores.

- Preparación dos familiares-coidadores, tanto psicolóxicamente, como nos conceptos básicos do manexo do doente: cursiños claros e prácticos, ou acceso a vídeos on-line homologados.

- Garantir, en préstamo gratuito e áxil, para aqueles que os precisen, aos accesorios precisos:

- . Cadeira de rodas
- . Grúa
- . Cama adaptada
- . Etc, etc...

Esta é a opinión dunha coidadora non profesional, dunha familiar octogenaria, hemipléxica a causa dun ICTUS.

Cada caso é singular e cada individuo o asume á súa maneira, pero penso que a gran maioría concordaremos nos termos básicos deste relato.

**APÓSTOL
2019**

A profesión máis antiga do mundo

**MARIÁN
GARCÍA
MÍGUEZ***Deputada do Grupo
Parlamentario
Popular*

A prostitución non é a profesión máis antiga do mundo. A antropóloga Karen Rosenberg, na a súa tese do ano 1.993, aclaraba que, pola complexa forma de parir as mulleres, fai practicamente imprescindible a necesidade de ter axuda para que a nai e o seu nado poidan sobrevivir. Así que son as comadras ou parteiras as que se levan o galardón de ser as traballadoras máis antigas: hai máis de 1,6 millóns de anos xa exercían o seu labor.

Toda a sociedade convértese en cómplice da terrible situación que viven as persoas que se prostitúen. O extremo máis degradante para unha persoa é facer “servizos”, tal e como as persoas prostituídas o chaman. Os e as que exercen a prostitución cometen un delito contra o “moralmente correcto”. A criminalización ven

dunha categoría onde se expoñen os atributos de hipersexual, indecente, viciosa, impura, migrante, descarada, promiscua, mala, salvaxe. E cantas veces escoitamos: “están ahí porque que- ren”, “esas doutros países son doutra pasta”, “lles gusta”...

No caso da prostitución masculina heterosexual, é a muller a que está mal vista. Só a prostitución homosexual masculina adquire unhas condicións semellantes as femininas, mais é curioso que non hai estudos nin investigación da prostitución feminina homosexual ¿Quizás elas non contratan servizos sexuais?. En definitiva e de calquera xeito, o temos ao noso carón e o temos interiorizado como algo normal.

Foi no ano 2009 cando acompañei a “Alecrín”, hoxe “Faraxa” (por

certo entidade esta última galardoadada coa Medalla Castelao), polas rúas onde se exerce a prostitución nunha furgoneta repartindo preservativos e café quente e aos pisos de tapadillo con “Médicos do Mundo”. Eles amosáronme o interior deste terrible mundo. Nas rúas hai un reparto da zona: as africanas nun lado; as de Europa do Este, noutro; máis lonxe, as españolas, son as máis vellas e máis deterioradas polo frío das noites de esperados clientes e coma non pola vida; as trans cheas de plumas, grandes plataformas e moito brillo no seu atuendo, e se ves no fondo dos seus ollos léese a dor da soidade na que se atopan. Non lles gusta o que teñen que facer, non é por amor, é o seu medio de vida, o único que se lles ofrece.

Coa outra entidade fomos a facer educación

afectivo sexual. Recibíunos unha persoa que nos pasa a unha especie de sala de estar e, despois de esperar uns minutos, veñen unhas preciosas e novas mulleres. Todas elas sudamericanas, cuns minúsculos modelos de lencería, con moitas dubidas. Pero ao rato xa as chaman. Teñen un servizo. Eran as sete da tarde e xa non volveu ningunha.

Es un hecho que en Galicia la mujer tiene poca visibilidad en órganos de administración de cooperativas agroalimentaria. Según datos del 2017 del Observatorio Socioeconómico del Cooperativismo Agroalimentario Español, aunque el 45% de personas socias de cooperativas agroalimentarias en Galicia son mujeres los órganos de administración de estas entidades cuentan solo con un 22% de participación femenina. Y ya se sabe, si no tienes voz, no tienes voto... y si no tienes voto, no cuentas.

En este día de celebración de Galicia, sería una injusticia no celebrar a la mujer del campo gallego y darle el reconocimiento que merece por su labor impagable, por dar lo mejor de sí misma y contribuir, a pesar de todas las dificultades, de una manera tan determinante a mantener vivo el campo en nuestra querida Galicia.

Gracias, gracias, gracias.

En España el número de mujeres en cargos directivos sigue siendo sustancialmente menor que el de hombres

Aos nosos clientes, usuarios e amigos Felices Festas

autos GRABANXA



- Líneas Regulares
- Transporte Escolar
- Transporte Adaptado
- Transporte Discrecional

Levámoste a onde ti queiras



Venda de billetes por Internet en www.autosgrabanxa.com Polígono Industrial, parcela 57 • Sigüeiro - Oroso • T/F 981 690 990

Balnearios de Galicia:
La diferencia está en el agua

www.balneariosdegalicia.gal



BALNEARIOS DE GALICIA

A CORUÑA Balneario de Carballo www.balneariodecarballo.com • Balneario de Compostela (Brion) www.hbcompostela.com **LUGO** Balneario de Lugo - Termas Romanas www.balneariodelugo.com • Oca Augas Santas Balneario & Golf Resort (Pantón) www.augassantas.es **OURENSE** Arnoia Caldaria Hotel Balneario www.caldaria.es • Balneario de Baños de Molgas www.balneariodemolgas.com • Laias Caldaria Hotel Balneario (Cenlle) www.caldaria.es • Lobios Caldaria Hotel Balneario www.caldaria.es • Gran Balneario do Carballiño www.balneariodecarballino.com • Balneario de Caldas de Partovia (O Carballiño) www.balneariocaldasdepartovia.es • Balneario de Sousas (Verín) www.aguasdesousas.com **PONTEVEDRA** Balneario Acuña (Caldas de Reis) www.relaistermal.com • Balneario Dávila (Caldas de Reis) www.balneariodavila.com • Termas de Cuntis www.termasdecuntis.com • Balneario Baños da Brea (Vila de Cruces) www.balneariodebrea.com • Balneario de Caldelas de Tui www.balneariodecaldelas.com • Eurostars Gran Hotel La Toja www.eurostarsgranhotellatoja.com • Hotel Eurostars Isla de La Toja www.eurostarsisladelatoja.com • Balneario de Mondariz www.balneariodemondariz.com



**APÓSTOL
2019**

Honrar a Galicia preservándola



**ROSA
BLANCA
RODRÍGUEZ
GUTIÉRREZ**

Administradora
solidaria de de
Espina & Delfín

El país de los mil ríos, 1.500 kilómetros de costa, al norte el mar y el océano al oeste, abierto el paraguas dos de cada cinco días, manto verde tierra adentro, donde la lluvia es arte, de las regiones más húmedas de Europa. Todo eso es una Galicia que hoy, con Santiago, celebra su día grande. Es todo eso y, sin embargo, no podemos rehuir uno de los mayores retos que afronta la humanidad en este primer cuarto de siglo: lograr una gestión eficiente y sostenible del agua. Porque se trata de un recurso tan vital como frágil y finito. Sí, finito, incluso aquí.

Observamos en esta Galicia de 2019 escenas difícilmente imaginables apenas unas década-

das atrás. Con relativa frecuencia emergen de nuestros pantanos ruinas de pueblos olvidados, a ratos nos sobresalta la evolución de las reservas hídricas, los episodios de sequía amenazan cultivos y, según dónde y cuándo, hasta padecemos restricciones en el hogar. Como sociedad, en este contexto, es nuestra obligación consumir menos agua y devolverla a la naturaleza casi en el mismo estado en el que la tomamos. Si no lo hacemos hoy no habrá mañana.

Este objetivo requiere el concurso de todos: la industria, el campo, las instituciones... Debemos completar las redes de sa-

neamiento y renovar las de abastecimiento para evitar que más de una cuarta parte del agua que circula por ellas se pierda a causa de las fugas, como lamentablemente está ocurriendo; tenemos que adaptar nuestro ordenamiento jurídico al cambio climático, como está tramitando la Xunta; hemos de dotar a todas las poblaciones de planes contra la sequía, para avanzar en la prevención y la reacción.

Pero esta meta no la cruzaremos con el empuje de lo público únicamente. Precisamos la implicación del ámbito privado, de las empresas. En Espina & Delfín, por caso, hace años que decidimos aplicar criterios de innovación, eficiencia y sos-

tenibilidad en la gestión del ciclo integral del agua, un servicio que prestamos diariamente en medio centenar de concellos donde residen 550.000 gallegos de manera habitual. Seguiremos esforzándonos, invirtiendo, hasta lograr la excelencia.

“No podemos rehuir uno de los mayores retos que afronta la humanidad: lograr una gestión eficiente y sostenible del agua”

Y necesitamos igualmente un cambio general de mentalidad con reflejo en lo cotidiano. Por ejemplo, duchémonos en lugar de bañarnos, cerremos el grifo mientras nos cepillamos los dientes, activemos los lavavajillas a plena carga, reduzcamos el riego de los jardines a lo estrictamente necesario, no tiremos toallitas por el inodoro, deshagámonos de los aceites usados en puntos limpios, mantenemos en buen estado grifos y tuberías domésticas... Son rutinas de sencilla asunción, gestos de compromiso. Empecemos hoy, porque no hay mejor forma de honrar a Galicia que preservarla. Feliz Día de Galicia.

**APÓSTOL
2019**

Destino SCQ, obxectivo: 2021



**MARÍA
PAÍS FAJÍN**

Controller Grupo
Quatrium

Año 2021, a capital galega espera máis de tres millóns de turistas. Santiago e o Camiño encantan e están nun momento imparable.

Cultura, arte, gastronomía e historia danse cita nunha cidade que fascina a quen elixe perderse polas súas rúas e que aumenta o número de visitas cada ano. Así que despois de 11 anos de espera, quedan apenas dezasete meses para que poidamos prepararnos e deseñar a cidade que queremos e que aspiramos ser, para que todos os que teñan a sorte de visitarnos vivan experien-

cias maravillosas para contar cando cheguen as súas cidades de orixe en calquer parte do mundo.

Lembremos Barcelona, os Xogos Olímpicos do 92 deixaron unha marca imborrable e representaron un punto de inflexión na proxección internacional da cidade. Non só pola transformación que supuxo, se non tamén pola implicación e o orgullo da xente de

Barcelona de acoller e celebrar este evento na súa cidade.

Creo que temos un gran reto por diante, conseguir crear un modelo de cidade que permita mostrar o mellor de nós. É necesario que consigamos xuntar forzas, ideas, soños e ilusións para seguir todos o mesmo camiño que nos poida levar a un modelo turístico de éxito para Santiago e

para Galicia. Ser meros espectadores non é suficiente, temos que pensar no futuro e no benestar para compartir proxectos e aspiracións para chegar preparados ó punto de partida e cruzar con matrícula de honra a meta.

Santiago está de moda e Galicia tamén. Aproveitémolo dunha maneira sostible para que a xente se namore desta terra máxica.

- Climatización
- Electricidad
- Calefacción
- Fontanería
- Telecomunicaciones
- Contra incendios-Gas
- Energías renovables



SIMON






Rúa de José Villar Granjel, 18 - 20
Pol. Ind. de Boisaca • SANTIAGO
presupuestos@simon.gl

981 589 575
Fax: 981 589 322

Feliz Día de Galicia

**APÓSTOL
2019**

Son feminista dende que teño memoria



CARMEN FERNÁNDEZ DÍAZ

Directora de Estación de SYCITV-Applus+

Nacín nunha familia de mulleres loitadoras e comprometidas, algunhas na súa vida diaria como a miña nai e outras loitando dunha maneira mais pública, como a miña tía Marijé Díaz, política, sindicalista e loitadora polos dereitos das mulleres durante toda a súa vida... e iso marca.

Pero tamén ao longo dos anos, as miñas propias vivencias foron reafirmándome na necesidade de ter sempre presente o feminismo como filosofía de vida.

a que en todos os contornos onde me atopei, na universidade, nos diferentes traballos, incluso nos diferentes grupos de amizades que vas facendo na vida, sempre fun "A Feminista".

Estou certa de que en moitas situacións as persoas que me indicaban "xa está a feminista" non o facían como algo positivo... pero non saben canto orgullo sentía cando o escoitaba.

No ano 2002 inicié a miña carreira profesional na empresa SYCITV-Applus+, a empresa que xestiona en Galicia a rede de estacións ITV. Naquel momento nos incorporamos no cadro de persoal como directoras dúas mulleres, con 24 anos e moito que aprender... Eramos as primeiras nunha cadro de persoal eminentemente formado por homes, o reto era importante! Nos primeiros anos tivemos que escoitar algún "bonita, me pasas con tu jefe" dalgún cliente e "a estas alturas de mi vida me va a mandar a mi una mujer!" dalgún compañeiro, pero a realidade foi que dende o principio nos sentimos apoiadas pola empresa, que apostaba xa naqueles anos pola igualdade.

En poucos anos a dirección das estacións ITV de Galicia pasou de estar xestionada por homes a ter paridade, e ademais a ser dirixida dende o ano 2008 por unha

muller. Isto nun sector como o da Enxeñaría, no que as mulleres estamos escasamente representadas... é algo a destacar!

Para unha muller feminista coma min, é un orgullo traballar nunha empresa que aposta pola igualdade e que cree na igualdade.

Dende 2013 SYCITV-Applus+ ten un Plan de Igualdade implantado con importantes melloras para todo o seu Cadro de Persoal, e mediante a Comisión Paritaria de Igualdade, na que a representación dos traballadores e a Dirección traballa para promover e fomentar a Igualdade real e efectiva na empresa, chegándose a utilizar horas de formación para impartir cursos de sensibilización en este ámbito e facer chegar a todo o persoal as medidas existentes.

O coñecemento por parte do persoal das medidas legais existentes para a conciliación favoreceron claramente o acceso de traballadores e traballadoras ao disfrute de permisos que dalgunha maneira tamén contribúen a favorecer as carreiras profesionais das súas parellas.

Unha empresa que aposta tan forte pola Igualdade que este ano 2019 acaba de constituír un Consello de Conciliación e Igualdade, do que teño a

honra de formar parte, para poñer ás persoas como centro da toma de decisións da empresa, crendo firmemente en que a felicidade dos traballadores e traballadoras da empresa no seu posto de traballo redundará nun maior beneficio para a empresa.

Pero si miramos ao noso entorno as cousas son ben distintas...

A pesar de que dende o ano 2007 en España temos unha Lei orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a finais do 2018 só no Goberno do Estado, conformado por un 61% de mulleres, incluso se supera a paridade... Se baixamos un chanzo, Secretarías de Estado, Subsecretarías e Direccións Xerais, xa nos atopamos só cun 40% de mulleres fronte ao 60% de homes ocupando eses cargos.

O mesmo pasa nos principais Órganos Constitucionais do Estado. A participación das mulleres pouco a pouco vai aumentando, pero en ningún de eles se supera o 40% de representación, sendo destacable que no tribunal Constitucional só un 10% dos seus membros son mulleres e no Supremo a porcentaxe ronda o 12%, cando as mulleres supoñen xa mais do 60% de membros da carreira xudicial.

Pero vexamos o vaso medio cheo... As mulleres xa non estamos dispostas a esperar que as cousas pasen, estamos nun momento en que temos decidido que hai que ser parte activa do cambio e xa non nos conformamos mais.

Creo que o 2018 será considerado como o ano do despertar das mulleres. Movementos como o Me Too ou a revolución feminista vivida o 8 de Marzo en España, espolada pola falta de resposta da xustiza en casos de violencia como o da Manada están a unir ás mulleres ao redor do feminismo.

De repente xa non es a feminista do teu grupo, senón que as mulleres nos sentimos cómodas e orgullosas de enarbora esa bandeira. Nos últimos anos, milleiros de mulleres e homes ocupamos as rúas o 8 de marzo reclamando a igualdade e a diario se enchen as redes sociais (benditas redes sociais neste tema) con mensaxes reivindicativas... Moitas mulleres que ate o de agora pensaban que "non estamos tan mal" agora xa non están dispostas a conformarse e as mais xoves, que enchen as manifestacións con pancartas e berros, reclaman a esta sociedade o lugar en igualdade que lles corresponde.

Pouco a pouco estamos a ver como os diferentes sectores se suman á ola que o

feminismo está a impulsar. En todos os ámbitos as mulleres empezamos a ser visibles, o primeiro paso para que a igualdade real e efectiva sexa unha realidade consolidada.

Empezamos a ver con normalidade Parlamentos nos que hai tantos homes como mulleres, os logros das deportistas femininas ocupan espazos de portada nos medios e incluso nas empresas, aínda que de maneira mais lenta, cada vez mais mulleres ocupan postos de relevancia.

Sen ir mais lonxe, hoxe mesmo se entregan as medallas Castelao, que este ano premian a traxectoria de cinco mulleres. Xa era hora!

Na súa historia, dende o ano 1984 que empezaron a entregarse, só o 21% das medallas se entregaron a mulleres e entre elas xa inclúo as cinco premiadas hoxe. Dende a súa creación, ate en seis edicións non houbo ningunha muller entre os premiados, así que o feito de que hoxe sexan cinco mulleres as que reciben o galardón non deixa de ser a corrección dunha débeda histórica: a débeda da visibilidade.

Hoxe empezamos a ter referentes como as premiadas, mulleres triunfadoras nos seus campos, que marquen o camiño ás mulleres do futuro para que non teñan mais que querer para poder. Médicas, actrices, activistas, deportistas, científicas, políticas... as mulleres ocuparemos sen dúbida o lugar que nos corresponde, pero non baixemos a garda, queda moito por facer. Sigamos inesgotables erguendo fortemente a bandeira feminista para que ninguén se despiste.

**APÓSTOL
2019**

Integración: una apuesta ganadora



SUSANA JUNQUERA GESTAL

Responsable de Relaciones Laborales en SYC-APPLUS

Leo en la prensa una noticia que informa sobre el caso de una niña de 11 años con discapacidad que fue excluida de un campamento de verano en Salamanca, debido a las quejas de los padres de otros participantes. Y, desgraciadamente, no es una noticia aislada.

Una mezcla de sentimientos me invade ante este suceso. Por una parte, siento rabia e indignación, ¿Cómo puede esta sociedad en la que vivimos ser tan insensible? ¿Cómo es posible que no sepamos ponernos en la piel de esos padres y familiares y, sobre todo, de esa niña? ¿Qué mal les podría suponer a los otros niños y niñas que participase, como una más, en el campamento?, pero también

siento pena, en primer lugar por esa niña y, por supuesto, por su familia ante lo que han debido pasar estos días.

Por otra parte, me compadezco de quien ha promovido y ha permitido dicha exclusión porque no sabe lo que se pierde al no conocer que la convivencia con personas con capacidades diferentes nos enriquece, no hace crecer y ser mejores personas.

Se preguntarán ¿Por qué lo tengo tan claro? pues porque tengo la gran suerte de trabajar en Supervisión y Control-Applus, una empresa que desde el año 2001, gracias a la iniciativa valiente y decidida de su entonces consejero delegado, Amador de Castro Pérez, viene

apostando por la integración socio-laboral de personas con capacidades diversas. Iniciativa que, afortunadamente, ha sido refrendada por el Grupo Applus con la extensión del proyecto dentro y fuera de Galicia.

Pienso en lo que he aprendido y sigo aprendiendo de todos mis compañeros y compañeras, en la alegría que nos aportan cada día, en su optimismo, destaco su afán de superación y el agradecimiento eterno de sus familias. Me pregunto cómo serían cada uno de ellos con 11 años, cómo se hubieran sentido si hubieran tenido que pasar por una situación semejante..., ninguno se lo habría merecido.

Nadie se lo merece por-

que, cuando siendo niños van a un campamento, al colegio, al parque..., ningún daño pueden hacer a otros niños; más bien al contrario, les aportarán la riqueza de la diferencia. Como madre de una niña de seis años y un niño de tres siento que tengo el deber de educarles en el respeto a la diversidad porque estoy completamente convencida de que la diversidad es enriquecedora. Creo de verdad que, absolutamente todos, tenemos capacidades diferentes y debemos apoyarnos los unos a los otros para crear una sociedad justa y rica en valores. Ese es nuestro reto.

Y sé, porque lo vivo cada día, que cuando estos niños y niñas son mayores y se incorporan al mundo laboral

la apuesta que la empresa realiza con esta integración es una apuesta ganadora. Todos somos ganadores, ellos y ellas porque tienen la oportunidad de crecer y desarrollarse personal y profesionalmente en el entorno laboral; la empresa porque va a poder contar con trabajadores y trabajadoras motivados y perfectamente capaces de desarrollar sus cometidos y funciones; y, sobre todo, el equipo humano, al que aportarán alegría y contagian de optimismo.

Apostar por la integración solo tiene ventajas, por eso no puedo evitar agradecerme de quien no tiene, como tengo yo, la suerte de poder disfrutarla cada día.

En Pérez Rumbao, experiencia e innovación se dan la mano para acompañarte, vayas donde vayas.

El destino lo eliges tú.



- | | | | | | | | | | | |
|---------------|---------|------------|--|----------------|---------------|----------|------------------|----------|------------------------|---------------------|
| FIATEIRA | | ZINA MÓVIL | | BONAVAL CAR | | APERSA | | ARROJO | BONAVAL PREMIUM | |
| | | | | | | | | | | |
| PERCAR | | VEPERSA | | CAMELIAS MOTOR | | HYUPERSA | FINISTERRE MOTOR | | BÉTULA CARS | CENTRO PORSCHE VIGO |
| | | | | | | | | | | |
| BONAVAL MOTOR | COPERSA | COPERVI | | TAMBOMOTOR | BONAVAL MÓVIL | GADASA | BALPERSA | INTURASA | ESTACIONES DE SERVICIO | |
| | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | |

**APOSTOL
2019**

Galicia no camiño



**ADRIANA
DOMÍNGUEZ
GONZÁLEZ**

Conselleira delegada
do grupo
Adolfo Domínguez

Quizais sexa un dos elementos máis internacionais e recoñecibles de Galicia. Se cadra é a atracción milenaria máis icónica de España. Un intanxible poderoso de marca-país: o Camiño. Emocionante, baseado nunha fantasía, tentador, entre mito e realidade. É a maxia dos lugares, coma das marcas, algo que convén subliñar nun día coma hoxe no que os nomes de Santiago e de Galicia se repiten en moitos lugares.

Por iso quero aproveitar esta oportunidade para falar de outra Galicia e de outro camiño: o que nos queda por percorrer para converter a autoestima nun valor social e

económico exportable. Sen mitos, con realidades. Realidades ben contadas, ben valoradas.

Nos últimos 40 anos Galicia ten camiñando rápida e decidida cara a modernidade.

Sei o que digo. Son neta de emigrantes e filla dun emprendedor que soubo ensinarme dende ben pequena que o importante para unha empresa (no meu caso unha empresa de moda) non é producir, senón vender. Daquela non era doado internacionalizar, exportar e moito menos construír unha marca e un estilo propio dende Galicia. Hoxe é diferente e temos que producir e vender de xeito ben distinto.

Esa xeración que nos antecede conseguiu construír aeroportos, telecomunicacións, estradas, ferrocarril, universidades, portos e polígonos. Tamén conseguiu formarnos e darnos a oportunidade de ver mundo. Agora, á nosa xeración tócalle non confundir o cemento co que ten que estar enriba do cemento. Reinvertir neste novo camiño que estamos a construír.

Vivimos un momento no que cada vez somos máis mulleres aportando e tomando decisións. Outra mostra de avance. Sumamos novas miradas, novas emocións e novos xeitos de facer as cousas. É o momento

perfecto para estar aquí, sabendo encarar os problemas globais e os locais e á inversa, porque non cambiaremos a tendencia demográfica galega ou acabaremos coas vagas de lume sen loitar contra o cambio climático ou as desigualdades.

Son filla dun empresario que canto máis se internacionalizou (daquela con moito máis talento que cemento) máis valorou seguir vivindo e ter a empresa onde sempre. Tiven a sorte de estudar, traballar e vivir en varios países. Agora vivo en Galicia. Ás veces soño en inglés. Ás veces boto en falla máis apoio social ás

empresas que nos empeñamos en seguir sendo de aquí. Ás veces tamén penso que é culpa nosa, dos directivos que non sabemos conectar á sociedade co novo camiño, que nin sequera sabemos contalo.

Ben está non perder as raíces, porque a nova andaina é imposible de facer sen empresas propias. Aprendamos a lección do Camiño e fagamos deste novo camiño algo emocionante, tentador e atractivo. Primeiro para nós, e logo para todos os que queiran disfrutalo.

Feliz día de Galicia para todos os galegos do mundo.

Cafetería - Vinos
Cervezas - Refrescos
Pizzas caseras
Raciones
Platos combinados
Bocadillos
Sandwiches
Hamburguesas
Ensaladas

Cervecería - Pizzería - Restaurante

RÚA BELLA

- MENÚ DE LA CASA TODOS LOS DÍAS
- COCINA ABIERTA TODO EL DÍA
- COMIDAS PARA LLEVAR

Rúa Nova, 17 - Santiago • T. 981 586 854 • www.cerveceriaruabella.com



Estrella Galicia
CERVECEROS DESDE 1906



paris

CAFÉ - BAR

Bautizados, 11 • Santiago de Compostela
T. 981 576 073 • cafeparisdc@gmail.com

 Café-Bar París

COCINA
ABIERTA
TODO
EL DÍA



PICO SACRO

**Cooperativa Leiteira
Pico Sacro, S.C.G.**

Feliz Día de Galicia

Lestedo - Tel. Fax: 981 503 275
15881 Boqueixón (A Coruña)



JORGE PRADO
CAMPIÓN DO MUNDO
DE MOTOCROSS



TORRE DE NUÑEZ

POR SABER E POR SABOR

**ORGULLOSOS DA NOSA TERRA E DA XENTE
QUE A LEVA LONXE.**

25 XULLO · DÍA DE GALICIA

**APÓSTOL
2019**

Una patria gallega para la inclusión y el bienestar

**JOSEFINA
FERNÁNDEZ
MIGUÉLEZ***Consejera delegada
de Domus Vi*

La idea de celebrar anualmente el Día da Patria Galega conserva, décadas después de su institucionalización, todo su sentido. Porque nadie como los gallegos ha sabido interpretar la patria como fuente de identidad y ámbito de convivencia. Nadie como nosotros supo compaginar la voluntad de autogobierno con el europeísmo y la apertura a la globalización que definen la última modernidad. Y nadie como nosotros ha sabido sumar nuestras sucesivas identidades históricas sin miedo a que lo heredado de cada época se nos presente como procesos incompatibles entre sí, como si sólo pudiesen ser abrazados desde el mito supremacista que se empeña en leer la historia hacia atrás.

También hemos acertado al mantener este Día da Patria Galega vinculado a la fiesta del Apóstol Santiago, a la fuerza internacional del hecho jacobino, y a la emergencia de Santiago de Compos-

tela como hito vertebral de nuestra identidad y nuestro territorio, que nos conforma como parte de España y de Europa. Por eso estoy convencida de que los gallegos debemos aprovechar la cadencia anual de esta fiesta para felicitarnos por lo que somos, por lo que hemos hecho, y por la fuerza con la que damos continuidad a nuestra herencia histórica.

Pero la esencia de la galleguidad, duramente tallada en largos períodos de dificultad, en la emigración endémica, en las duras economías del mar y del campo, y en el extremo periferismo del paraíso que habitamos -que sólo en nuestros días ha dejado de ser una debilidad para convertirse en fortaleza- consiste en interpretarse y renovarse a la medida de cada época, de cada marco económico y de cada tendencia social, fieles siempre a lo que nos identifica, pero explorando todo lo nuevo que puede

hacernos mejores. Por eso decimos que lo que somos hoy tiene mucho que ver con una sociedad europea, con relaciones globales, con dinámicas de diversificación, y con la idea ya fijada de que toda la gloria de los pueblos siempre depende, de forma innegociable, de dos cosas: tener una democracia avanzada y

asumir como criterio de éxito el bienestar de los ciudadanos.

Por eso podemos mantener las palabras del galaico Paulo Orosio, dieciséis siglos después, cambiando sólo los acentos. Porque si él interpretaba la patria como la religión que nos orienta, la ley que nos protege, y el pan que comen nuestros hijos, también nosotros podemos decir que sólo se debe celebrar la patria que nos ofrece una sociedad justa y segura, una libertad creadora y un bienestar en el que se resume el éxito de nuestros esfuerzos.

Y si esto es así para todos, también existe para cada uno una perspectiva específica. La mía tiene que ver con la dimensión que, en una sociedad exitosamente envejecida, encarnan los mayores. Demógrafos y políticos suelen presentar nuestra pirámide poblacional como un dramático fracaso, y así lo es en tanto que la tasa de natalidad alcan-

za un nivel ínfimo, pero nunca porque los mayores sean cada vez más numerosos y más longevos. Nuestros mayores saludables y protegidos - además de un hecho justo- constituyen la mejor prueba del buen camino por el que transita Galicia en concreto y España es general.

En esta sociedad, nuestro bienestar no puede existir sin que seamos capaces de integrar, asistir y hacer felices a los que crearon nuestro mundo con tanto éxito que corren el peligro de quedar descolgados de él. Por eso suelo decir que lo que nos ocupa en DomusVi, una empresa con sede social en Vigo que es la mayor de España en atención a personas mayores, es algo tan sencillo como "hacer patria". O contribuir a la patria moderna y avanzada que hoy celebramos. Las más de 20.000 personas que formamos el equipo de DomusVi lo hacemos todos los días.

“Nadie como nosotros supo compaginar la voluntad de autogobierno con el europeísmo y la apertura a la globalización que definen la última modernidad”

**APÓSTOL
2019**

E, quen é o teu xefe?

**SABELA
RUÍZ
GIPPINI***CEO de
Galiwonders*

Aqueles que traballamos en turismo sabemos que é un sector eminentemente feminino. Será porque as carreiras de idiomas (algo tan imprescindible neste traballo) atraen principalmente ás mulleres, ou por esa curiosidade intelectual que xeran a cultura, a historia ou as tradicións da rexión.

Sexa polo que for, o certo é que quen leva o nome de Galicia polo mundo, e prestan asistencia aos turistas que nos visitan son, na súa maioría, mulleres.

Con todo, non deixa de resultar curioso que, cada vez que asisto a algún evento ou feira, e coñezo a algunha persoa do sector, tras unha breve charla introdutoria sobre a empresa na que traballo e ao que nos

dedicamos, escóitese a seguinte pregunta por parte do meu interlocutor/a: "que interesante, e quen é o teu xefe?". Como tratando de identificar o cerebro promotor masculino, detrás dunha idea de negocio que parece dar os seus froitos.

Lonxe de tratarse dunha anécdota illada, é un feito que se dá con relativa frecuencia. Tanto como para dar lugar a unha pequena reflexión. Con isto non trato de demonizar a ninguén, senón de poñer de manifesto unha realidade: aínda que as mulleres sexamos maioría no sector turismo (e noutros moitos como a sanidade), o certo é que son os homes os que continúan ostentando os postos de poder. A cara visible dos negocios, e

aqueles que adoitan tomar as decisións.

Por iso é polo que cando vemos a unha muller na trintena, en eventos profesionais, resulta complicado para algunhas persoas imaxinar a primeira ollada que sexa ela quen dirixe a empresa á que representa.

A realidade é que os números evidencian que algo se está facendo ben no sector turístico en Galicia: máis de 300.000 Compostelas foron entregadas o ano pasado, e case 5 millóns de viaxeiros visitaron a rexión. Lonxe de tocar teito, todo apunta a que este ano asistiremos a novo récord.

Galicia pasou de ser esa rexión descoñecida Noroeste da Península, a atraer a miles e miles de peregrinos cada ano. A

protagonizar películas e documentais.

Aínda lembro ese Axente de Viaxes da India que coñecín en FITUR este ano que me preguntou se ofreciamos viaxes e experiencias en "the city of the lights" (a cidade das luces).

- "The city of the lights?" - preguntei incrédula.

- "Yes, Vigo, the city of the lights" - respondeu.

Ou máis recentemente, durante a feira Turexpo Galicia en Silleda, esa Directora de Produto dun importante operador turístico de EEUU, que se interesaba polas nosas excursións á zona do Barbanza, en concreto Ribeira. Ao parecer, un dos destinos máis demandados polos seus clientes norteamericanos para as súas vacacións en Galicia.

Tras intercambiar as tarxetas e botarlle unha ollada á miña, apertoume as mans con forza, dicindo: "Are you the CEO? Congratulations! Women Power!".

Xestos de sorpresa, e tamén amables, que emocionan e agradécense, pero que deixarán de producirse nalgún momento non moi afastado se a historia segue o seu curso natural (e non é con acritude, senón todo o contrario).

Galicia ten verde, ten mar, ten viño, augas cristalinas, gastronomía, historia e tradición. Son moitos os atributos da nosa rexión que nos fan sentirnos orgullosos dela, e atraen, cada vez máis, a viaxeiros dos recunchos máis recónditos do planeta.

Galicia ten nome de muller. E, como mulleres, sendo xefas ou non, debemos sentirnos orgullosas do noso papel protagonista na difusión das bondades desta fermosa terra.

APÓSTOL
2019

El esfuerzo colectivo



ALMUDENA
LÓPEZ
DEL POZO

Consejera Delegada
de PYMAR

Si tuviera que destacar una característica del pueblo gallego, diría que siempre está dispuesto a luchar. Si tuviera que destacar una característica del sector naval, diría lo mismo. Imagínense lo que ocurre cuando sumamos ambas cosas.

La cartera de pedidos de los astilleros gallegos alcanzó en 2018 sus mejores cifras en los últimos 9 años en Galicia, con una reseñable aportación a la cartera nacional de buques de elevado valor añadido y complejidad, como oceanográficos, cruceros y buques destinados a la industria pesquera. El reflejo de estas cifras en el ámbito laboral, supuso el 60% de las horas de trabajo registradas a nivel nacional. Galicia es una pieza básica, junto con País Vasco y Asturias, en la relevante

posición que ocupa la industria de construcción naval española en los principales ranking internacionales. No en vano, España fue el segundo país de la Unión Europea con más unidades contratadas y en cartera al cierre del último ejercicio.

“La construcción naval es dura y exigente, pero su dureza es proporcional a la vocación, nivel de compromiso y fascinación que genera en las personas que integramos esta industria

Detrás de estos buenos resultados está el mantra de la historia más reciente del sector naval en España, y el mismo que preside la construcción y entrega de cada buque: el esfuerzo colectivo.

También subyace, y quizás en su forma más eficaz, en la forma de enfrentar y superar las crisis, como la del Tax Lease que a partir del año 2011 tanto perjudicó la marcha del sector.

Somos una industria de síntesis, pero no sólo desde el punto de vista material. Lo somos también para aunar la valentía de los empresarios, el compromiso de los trabajadores, el imprescindible respaldo de las administraciones públicas, el apoyo de los agentes sociales, la potencia de la industria auxiliar, la confian-

za de los armadores, inversores y entidades financieras, la cooperación de los despachos de abogados, la rigurosidad de las ingenierías y sociedades de clasificación y la articulación de la colaboración público privada desempeñada por Pymar.

Disponemos de la fórmula para enfrentar los desafíos que tenemos por delante: redoblar la apuesta por la investigación, desarrollo e innovación para mantener nuestro posicionamiento en los exigentes mercados internacionales a los que exportamos el 90% de lo que construimos, encarar con éxito la transformación digital, ser capaces de transmitir el atractivo del sector para atraer talento diverso, impulsar una formación

adaptada y propiciar la transferencia de conocimiento generacional.

También debemos tratar de emplear esa fórmula para propiciar proyectos industriales que apuesten por la construcción, transformación y reparación naval en las instalaciones que lamentablemente ahora se encuentran sin actividad, de manera que no se pierda ninguna unidad productiva.

La construcción naval es dura y exigente como todas aquellas actividades que se realizan en contacto con el mar, pero su dureza es proporcional a la vocación, al nivel de compromiso y me atrevería a decir que a la fascinación que genera en las personas que integramos esta industria. Galicia sabe de lo que hablo.

BBVA


Creando Oportunidades

¡Feliz día, Galicia!

Hoy celebramos juntos
un **futuro** lleno de
oportunidades.



UNA CASUALIDAD DE LA LECHE

A large red teapot is tilted, pouring a thick stream of white milk. The milk flows down a green hillside dotted with white daisies. In the background, a large red sun is setting or rising over a horizon line. The sky is a gradient of blue and yellow.

A mi padre, Jesús Lence, le encantaba contar la historia de como empezó en el mundo lácteo . Un cliente lo puso al borde de la quiebra en su primera aventura empresarial y desesperado, acepto que le pagara con tres camiones cisterna para transportar leche.

Así es como, por una casualidad de la "leche", lo que parecía el fin de su carrera, se convirtió en el principio de su mayor triunfo, el Grupo Leche Río S.A.

Realmente su éxito no fue el fruto de la casualidad, sino de vivir sus valores; coraje para ser uno mismo, persistencia para alcanzar las metas, iniciativa para hacer que las cosas pasen y colaboración por que juntos llegamos más lejos. Unos valores que transforman las dificultades y los fracasos en oportunidades para superarnos a nosotros mismos.

Estos valores son los que hoy guían nuestra empresa para seguir aportando productos sanos, de calidad, respetuosos del medio ambiente y del bienestar animal.

Los productos de Grupo Leche Río S.A. son el resultado de una historia de superación diaria, de nuestros empleados, nuestros ganaderos y nuestros proveedores para ofrecerte lo mejor de sí mismos.

Disfrútalos y recuerda que cada amanecer es una nueva oportunidad para nutrir nuestros sueños y hacerlos florecer.

Grupo Leche Río S.A. te acompaña.


Carmen Lence
Consejera Delegada

 **Grupo
Leche Río S.A.**

¡¡MUUUUUUCHAS

Damos a nuestras vacas los mejores pastos y ellas nos dan la más deliciosa leche Leyma Natura.

Las granjas familiares de leche natura tratan a sus vacas como a un miembro de la familia, con respeto y cuidando su bienestar.

Como tú, nosotros nos preocupamos de cómo se producen los alimentos que consumimos, como saben y que impacto tienen en el medio ambiente.

Por eso la leche Leyma natura proviene de vacas de granjas sostenibles donde se alimentan de sus propios pastos, lo que produce una leche deliciosa con menos ácidos grasos saturados.

Alimentación natural para un producto natural.

De nuestra familia a la tuya.

Muuuuchas gracias por confiar en nosotros.

Si no encuentras nuestros productos en tu tienda habitual
contáctanos en: queremosleyma@lecherio.com

GRACIAS!!



LEYMA
natura



CERTIFICADO POR
nº registro 1501 LIGAL



**APOSTOL
2019**

O reto da chamada universidade dixital

**ELENA
LÓPEZ
LAGO***Decana de la
Facultad de Físicas*

Quixo o destino que os terreos situados entre Poza de Bar e o Parque da Alameda, antigamente prados polos que corría a infancia do barrio, continúen a ser desfrutados por nenas e nenos. No lugar no que se estendían eses prados e leiras arrendadas, elévase unha escola na que os futuros adultos aprenden e descargan a súa enerxía nos recreos sen máis preocupacións, a priori, que as xeradas polos deberes ou os exames.

Preto de alí, atopábanse as ruínas dun vello sanatorio nas que as nenas e nenos de onte, pais e nais dos nenos de hoxe, xogaban ás escondidas ou acudían ansiosos a beber a una fonte á que se accedía escalando dúas montañas de pedras resultantes da demolición do edificio. Nese lugar, hoxe atopamos un instituto cuxos estudantes dos dous últimos cursos, ao igual que os de todos os institutos do país, están sometidos a unha preocupación adicional de tal

magnitude que foi bautizada como o pesadelo das notas de corte. Pesadelo que, tristemente, causa máis intranquilidade a aqueles estudantes con vocación definida, que temen non poder acceder á titulación universitaria desexada por unha o varias décimas de menos na súa nota media, recaendo entón sobre os seus pais a decisión de envialos a outra universidade de lonxe, pública ou privada. Eses mesmos pais manifestan, cando teñen ocasión, o seu malestar tanto sobre esta situación como sobre a oferta de titulacións que, segundo a súa visión, non se axusta á demanda social, culpando á universidade de permanecer detrás das costas do que sucede no mundo exterior.

Pero o certo é que, aínda que a universidade pode dar traslado de iniciativas de interese estratéxico, non ten moita liberdade de acción; periodicamente, fíxase un mapa de titulacións para o Siste-

ma Universitario Galego, proceso ao que se invita ás universidades a participar, aínda que descoñeza o seu nivel de influencia efectivo; fixado este, si un centro considera oportuno crear unha nova titulación A cun número n de prazas, aparte de tratarse dun proceso extremadamente lento, debe retraer o mesmo número de prazas noutra titulación B, trasladando o problema de accesibilidade á titulación B.

Por outra parte, esíxese que a proposta de novos títulos se faga, en xeral, a coste cero en persoal e infraestruturas, ante o que hai que ter en conta que os espazos dispoñibles son os que son e que algúns están como están. No deseño de dobres titulacións, entendidas estas como unha simultaneidade de estudos, a universidade ten máis marxe de manobra pois consisten no deseño dun itinerario formativo compatible con dúas titulacións que facilite a un alumno finalizar dous graos en 5 o 6 anos en vez de en 8.

Requiren un deseño moi responsable para garantir ao alumnado uns estudos ben organizados, ao ser tremendamente esixentes. Non todo vale. ¿E a demanda?

A demanda merece ser obxecto de minucioso análise: cantos estudantes marchan de Galicia a estudar un grado que non se oferta, cantos marcharían aínda que fose ofertado; que escollen aqueles cuxa nota non é suficiente para acceder á súa primeira opción. Tras el, so cabe reflexionar sobre cal debe ser o papel da universidade ¿debe, como servizo público, favorecer que todo aquel que desexe adquirir un coñecemento poida facelo? ¿ou debe asegurarse de formar profesionais con futuro e non constituir unha fábrica de desempregados? Todas as respostas son posibles.

Fai 30 anos ou menos, con case o dobre de estudantes na USC, poucas titulacións tiñan numerus clausus pese a existir unha menor oferta de títulos.

Certo é que, naqueles tempos e nalgúns centros, case cando o Monte da Condesa era só monte, había que esprintar para asistir a determinadas clases con asento asegurado, algo que hoxe en día sería inaceptable e inundaría os decanatos de queixas. A limitación de prazas inflúe en moitos indicadores de calidade: número de alumnos por grupo e por profesor, recursos materiais dispoñibles, nota media de acceso, duración dos estudos... E, lamentablemente, tal e como está montado, a toda universidade que queira distinguirse non lle queda outra que entrar no xogo da calidade. Quizais este problema da limitación de prazas teña data de caducidade e que desapareza coa chamada universidade dixital que presume de garantir accesibilidade universal aos estudos pero que, conta con todas as papeletas para dificultar a adquisición das habilidades instrumentais e sociais resultado da presencialidade esixida hoxe en día. Outro reto.

Rodiñas

Unha nova linguaxe no prefabricado | rodinas.com

Casa Moreiras Bodega 1697
1692 D. PEDRO R. MOREIRAS DE POMBEIRO

www.casamoreiras.com

enoturismo galicia

ACIÓ DE OURO 2019 • Mellor Mencía D.O. Ribeira Sacra

APÓSTOL
2019

Boas e xenerosas



ELENA
VÁZQUEZ
CENDÓN

Decana da Facultade
de Matemáticas da
USC

O noso himno dedica o título ás persoas que "a nosa voz entenden". Faio con rigor ao recoñecerlles a valía de escoitar, como condición necesaria

para entender, sen a obrigación de asentir e coa opción de discrepar.

A bondade e a xenerosidade non son gratuítas. Cando se conseguen estes "títulos" son froito de varias colleitas de accións comprometidas con valores. É fácil identificalas, pero en caso de dúbida, pensemos nas complementarias. As persoas cutres detéctanse facilmente, e non pola súa querenza polas moedas, ese é só un corolario. O son por non saber dar afectos, coñecementos ou tempo. Chegan a non saben recibir, xa que recibir comporta agradecer e, dar as grazas, é dar... A bondade aplica dunha maneira semellante e marida moi ben coa xenerosidade.

Nos últimos tempos hai nomes coñecidos conectados coa Facultade de Matemáticas da USC. Falarei de persoas, coas que compartimos a casa dos

números, que a fan brillar cunha aposta moi profesional para resolver problemas no día a día, e que non saían nos xornais.

Carmen Rosende, xunto co seu compañeiro Fran, encárgase na quenda de tarde, entre outras cousas, de baleirar todo o xiz, facendo que descansen as pizarras do peso dos conceptos e teoremas que cada día brotan, para axudar ao equipo docente e aos estudantes a compartir matemáticas, xunto con coñecementos doutras áreas que conforman os títulos dos que somos responsables.

Si, para facer ben o noso traballo, o de Carmen, e o de todo o equipo de limpeza, é estratéxico. Seguro que ela está a dicir que é o seu traballo, que é o que ten que facer. Unha vez mais concordarei con ela, como no gusto polo "ganchillo compartido". A clave do mérito do

título está no como. Ela faio con brillantez, e non é polo que brilla cando finaliza, é pola actitude boa e xenerosa en palabras e afectos. Admiroa tamén pola súa capacidade de observación, por ser das que máis pronto resolve retos de pensar que tanto nos gustan na facultade, e sobre todo por ser unha orgullosa defensora do seu traballo!

Carmen Trillo, xunto con todo o equipo da conserxería, é outro dos alicerces estratéxicos da facultade. Non polos aprobados, nin polas publicacións, pero si pola súa gran capacidade para resolver problemas e construír solucións. Pola orientación ás persoas que entran polo noso centro, un tanto labirinto, e especialmente aos futuros estudantes. Polo apoio á intendencia de congresos e xornadas, tentando sempre de construír unha resposta. Ela di tamén que é o seu traballo, pero de novo

o compromiso cos fondos públicos e co desempeño do seu labor profesional, e a implicación nas comisións das que forma parte, outórganselle os "títulos", estendéndose a todo o equipo da conserxería, por saber conformar un equipo eficiente!

Saíndo da facultade, podemos guiarnos por unha fareira dos libros, Lola, que ilumina desde hai 20 anos a todas as persoas que entramos preguntándolle por libros, nese espazo máxico, Aenea, onde naceron as miñas Mandalas. As respostas están cheas de empatía e precisión ao mesmo tempo e, ao convidarme a participar da celebración dos 20 anos do seu proxecto vital e profesional, teño moi claro que é merecedora dos "títulos".

Para conseguir a equidade e finalizar, titulemos a un mesoeiro que, á súa Casa de Xantar

púxolle en letras nome de número, o Dezaseis. Desde o que alimenta, cun gran equipo, a todas as persoas que nos sumamos a un bo xantar e unha boa conversa, mentres se pode consultar, con sabor a saber, unha xenerosa biblioteca. Suso, de Porta de Conde, que comparte patria con Fontán, é tamén sen dúbida merecedor dos dous "títulos" e, como as compañeiras nomeadas, o é por desenvolver de maneira vocacional o seu traballo, e pasar a feitos moitas conversas.

Seguro que vostedes saben o estratéxico de limpar, orientar, guiar e alimentar, e comparten valoracións semellantes por persoas ás que recoñecen a súa bondade e xenerosidade. Celebremos o 25 de xuño repartindo os "títulos" do noso himno a quen o merece todo o ano!

- CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS
 - ACCIÓNS DO BANCO POPULAR
- Ampliación de capital 2016

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3º D. 15004, A Coruña



**APOSTOL
2019**

Oda ós peregrinos que meditabundos andades

**ISABEL
GONZÁLEZ
FERNÁNDEZ***Catedrática
de Filoloxía Italiana
da USC*

No soneto "Deh peregrini che pensosi andate" -o número corenta da Vita Nuova-, obra que Dante escribiu para louvar a súa amada Beatriz, o poeta relata que despois da súa morte, quedou roto de dolor. Estando nesta tesitura coñeceu unha dama que lle mostraba compaixón, que lle deu consolo e que pola súa xuventude, pola súa beleza e polo seu talante recordáballe a Beatriz. O poeta, non podendo falar con ninguén do seu padecemento, ía xunto desta "gentile donna" dedicándolle, en agradecemento, o soneto "color de amor e di pietà sembianti" no que loa os seus ollos lacrimosos que tamén lle fan chorar abondosas bágoas a el.

Inflúen niso, ademais, puntos de vista tradicionais sobre o papel das mulleres na sociedade e as dificultades para compatibilizar as responsabilidades familiares co traballo en sectores de rápido movemento e competitivos nos que se esperan dos e as profesionais longas e flexibles xornadas de traballo, ao que habería que engadir a necesidade de formación constante para estar ao día no desenvolvemento de nova tecnoloxía.

Obstáculos económicos: en xeral as mulleres empresarias teñen maiores dificultades de acce-

so ao financiamento que os homes. Este problema é aínda maior no sector da ciencia e a tecnoloxía; cando unha muller está a tratar de desenvolver produtos baseados na innovación ou a invención debe facer fronte a esta barreira, principalmente por dous motivos: porque se trata de sectores que a miúdo requiren de investimentos substanciais (desenvolvemento de produtos, marketing de produtos, etc.), e porque as emprendedoras son neste terreo percibidas como menos cribles polas partes interesadas e os investidores financeiros.

Outros obstáculos "suaves" identificados neste ámbito son:

A falta de acceso ás redes de empresas técnicas, científicas e específicas do sector de actividade do que se trate. O acceso a estas redes é esencial para desenvolver a idea de negocio, coñecer á potencial clientela, provedores/as e socios/as de negocio, entender o desenvolvemento do mercado, as súas oportunidades e debilidades, obter información estratéxica e establecer lazos de cooperación e apoio.

O cursar estudos técnicos ou científicos, nos que non se inclúe formación específica en materia empresarial, dificulta que o sector científico-tecnolóxico percíbese como unha oportunidade para o autoemprego.

A autopercepción das mulleres con respecto ás súas habilidades persoais, as súas capacidades para o negocio, autoconfianza, asertividade e asunción de riscos, variables que como se indicou, mostran nalgúns casos ou períodos temporais valores máis negativos entre as mulleres que entre os homes e que constitúen un obstáculo potencialmente maior no campo da ciencia e a tecnoloxía, polos que tanto a dominación masculina como os niveis de risco e incerteza son maiores.

A escaseza de modelos femininos a imitar que envíen a mensaxe de que as mulleres poden ter éxito nestes campos de actividade,

así como as poucas redes de mulleres empresarias nestes sectores áscas as emprendedoras poderían acudir en busca de asesoramento e consello.

Continuando coa análise das barreiras á iniciativa empresarial feminina nos sectores da innovación e o desenvolvemento científico e tecnolóxico, convén detese no ámbito do emprendemento universitario, onde se identificaron posibles obstáculos específicos á participación de mulleres na creación de empresas de base tecnolóxica. A traxectoria de traballo do Programa Woman Emprende da Universidade de Santiago de Compostela evidencia que a presenza feminina entre as persoas promotoras de empresas de base tecnolóxica en España é moi inferior á masculina.

O estudo das posibles causas deste menor emprendemento feminino no marco universitario atopa explicacións nas barreiras específicas detectadas no ámbito da investigación universitaria, debido a que moitas das empresas de base tecnolóxica xorden do coñecemento e/ou tecnoloxía xerados nas universidades por persoas que optaron por seguir unha carreira investigadora. Nun proceso que en certo xeito podería considerarse lineal, os resultados desta carreira investigadora transfírense á sociedade, en primeiro lugar, vía publicacións e, en segundo lugar, dunha forma máis comercial, vía desenvolvemento de patentes e creación de empresas de base tecnolóxica. Pois ben, os estudos sinalan que as mulleres, unha vez que optan por seguir unha carreira investigadora son igual de competitivas que os seus compañeiros cando se trata de publicar (primeira etapa da transferencia de resultados) e outorgan gran importancia á publicación de resultados como vía de consolidación laboral, con todo, quedan atrás á hora de valorizar e comercializar o seu labor investigador, isto é, á

hora de crear empresas. Este esforzo previo, non se dá, con todo, no emprendemento convencional que ten lugar fora do ámbito universitario.

E aos lastres xa comentados á participación das mulleres na iniciativa empresarial xenericamente considerada, cando a análise céntrase no emprendemento de base tecnolóxica hai que engadir a súa menor presenza en carreiras técnicas e unha menor taxa de éxito na finalización das súas teses doutorais ("lastres vocacionais"), nichos onde adoitan xurdir moitas empresas de base tecnolóxica. Finalmente, cando este emprendemento de base tecnolóxica ten lugar no ámbito universitario, o xa reducido grupo de mulleres que tería posibilidades de participar, parece inclinarse máis por outros criterios de valoración da súa carreira académica e deixar ao carón a comercialización de resultados ("síndrome da torre de marfil")

En resumo, a participación das mulleres na iniciativa empresarial segue presentando en todo o mundo niveis máis baixos que no caso dos homes, identificándose múltiples barreiras que poden explicar, desde un enfoque de xénero, esa menor presenza feminina na creación e xestión de negocios. Estes obstáculos, xa sexan de tipo contextual, económico ou psicológico, converten en imprescindible incluír a perspectiva de xénero nos procesos de asesoramento a aquelas mulleres interesadas na actividade emprendedora se realmente quere alcanzarse unha participación equitativa de ambos os sexos no emprendemento como factor de desenvolvemento económico e social. Neste traballo estamos centrándonos na Universidade de Santiago de Compostela, desde que se creou o Programa Woman Emprende no curso académico 2006-2007 nunha "Universidade con nome de muller", e na súa evolución a Innovatía 8.3, liderando desde Santiago a nivel nacional.

As festas sempre en grupo.

Día de Galicia 25 de Xullo



GRUPO JJCHICOLINO

www.jjchicolino.com • www.egalsa.com • www.rotogal.com • www.oziona.es

**APOSTOL
2019**

Escucha la tierra gallega que habla

**MARGARITA
ESTÉVEZ-SÁA***Profesora Titular
de la USC*

Hoy honramos a una gran Comunidad; y sus gentes celebramos nuestro día, nuestra cultura, nuestra lengua y nuestras tradiciones. Constituye una oportunidad única para rendir homenaje a la tierra que nos acoge, nos reúne y nos cobija a los gallegos y a cuantos se acercan a vivirla y disfrutarla. En ediciones anteriores de este suplemento especial, he reflexionado sobre las peculiaridades del carácter gallego; he repasado algunos de los logros de sus mujeres y sus hombres; e incluso he querido señalar ciertas deudas que España y Europa aún tienen pendientes con nuestra sociedad y con nuestra región.

Una de nuestras particularidades como pueblo es nuestra íntima relación con la tierra. De los gallegos se dice que somos muy del terruño que nos vio nacer; que en cuanto nos alejamos de nuestro enclave original, sentimos "morriña"; y que ni la emigración logra hacernos olvidar nuestras raíces. Todo ello es cierto, pero quizá sea el momento de ir un poco más allá de nuestro inevitable etnocentrismo, cuestionar al menos nuestra mirada

antropocéntrica, y prestar atención a lo que nuestra casa común nos ofrece y comunica.

La tierra gallega es tan variopinta y compleja como sus habitantes. El verde de sus montañas y bosques se confunde con el ocre de sus escarpados riscos, y se mezcla seductora y misteriosamente con el azul del mar y del inmenso océano que rodea nuestras costas. El viento, el frío y la lluvia se alían de norte a sur en ocasiones, mientras otras veces el clima atlántico nos reconforta y protege de situaciones extremas, como ha ocurrido con la reciente ola de calor de la que nuestro ecosistema nos quiso y supo proteger.

Galicia es una tierra rica y sufrida que se empeña en proporcionarnos sustento a través de sus rías y sus campos. Incluso perdona nuestros excesos. Y hasta sus ríos y mares siguen siendo fuente de riqueza y sustento para nuestros pescadores, aunque olvidemos una y otra vez la necesidad de mantenerlos limpios. Es tal su generosidad, que incluso sus campos y montes se repueblan y reverdecen a pesar de los estragos y la

imprudencia de quienes los poblamos, o los abandonamos.

Pero también es un territorio que nos susurra y alecciona; pues, como ya decía Rosalía, Galicia es "Mimosa, suave, sentida, queixosa, / encanta se ri e conmove se chora". Por ello sus montes se retuercen, se desnudan y gritan cada vez que los talamos o les prendemos fuego; sus mares protestan y enferman por nuestros descuidos y excesos; y sus campos lamentan la soledad y el abandono a los que los condenamos tantas veces. Aun así, la tierra y el agua siguen perdonándonos en Galicia; y los montes se renuevan; y sus árboles renacen. Los campos continúan ofreciéndonos otra oportunidad, y el mar y los ríos todavía nos regalan sus riquezas.

Como respuesta a la magnanimidad de esta tierra, debemos seguir el consejo de la poeta y académica Marilar Aleixandre, quien, en su investidura como miembro de la Real Academia Gallega, nos pidió "termar da paisaxe", esto es, "evitar que se altere, ter

Galicia es una tierra rica y sufrida que se empeña en proporcionarnos sustento a través de sus rías y sus campos. Incluso perdona nuestros excesos. Y hasta sus ríos y mares siguen siendo fuente de riqueza y sustento para nuestros pescadores, aunque olvidemos una y otra vez la necesidad de mantenerlos limpios

conta dela", y nos alentó a escuchar atentamente todas las voces del paisaje gallego, que incluyen a cuantos la cuidan, la representan y la defienden; pero también a la propia materialidad de la tierra: la voz de las rocas, del agua, de los caminos y senderos, y de las plantas.

Galicia no es un ente abstracto, ni la conforman únicamente los gallegos y las gallegas que la habitamos, sino que es una tierra con la que compartimos materialidad y finitud. Estemos, pues, alerta a las señales de nuestro privilegiado paisaje, atendamos sus lamentos, y comprendamos que, igual que ocurre con las personas, ni su paciencia ni sus recursos son inagotables.

Es tarea de todos escuchar a nuestra querida tierra, observar sus señales, y responder a unos lamentos que, como diría el afamado y sabio poeta T. S. Eliot, nos alertan del peligro de una alienada tierra baldía, y nos movilizan para protegerla y defenderla como el mayor de los tesoros compartidos.

BAMARTI

LES OFRECEMOS EL MEJOR SERVICIO
PARA MEJORAR SU VISIÓN

Óptica
LA RIVA

GAFAS GRADUADAS
ADAPTACIÓN LENTES DE CONTACTO

Avda. de Villagarcía, 2 • (Plaza de Vigo)
SANTIAGO • T. 981 592 057



**VIAJES
TAMBRE, S.L.**
X.G.-15

Agencia de viajes y ocio

www.viajestambre.com

AGOSTO — precios por persona

Merc. medieval Mondoñedo (11 agosto) **60 €**

Portugal clásico (15-18 agosto) **295 €**

Polonia (En avión) (26 agosto - 2 sept.) **1.495 €**

Andorra y Lourdes (31 agosto - 4 sept.) **415 €**

SEPTIEMBRE — precios por persona

Crucero río Duero (Regua-Pinhao-7-8 sep) **165 €**

Londres (En avión) (11-15 sept.) **695 €**

Polonia (En avión) (16-23 sept.) **1.495 €**

Todas nuestras excursiones y aventuras en:
www.viajestambre.com

**VUELOS DIRECTOS
EGIPTO (24-31 octubre)**

Rúa de Xelmírez, 21
T. 981 561 785 • Santiago
aventuras@viajestambre.com

Rosalía de Castro, 29
T. 981 594 350 • Santiago
info@viajestambre.com

Rúa de Castelao, 1 - Bajo
T. 981 885 288 • Negreira
negreira@viajestambre.com

APÓSTOL
2019

Opinión propia ciudadana



**CARMEN
ANDRADE
PERDRIZ**

*Profesora Visitante
de CIMNE*

En esta oportunidad quisiera hacer algún comentario sobre un tema que como sociedad no podemos, ni debemos, obviar y es el uso sostenible de los plásticos y polímeros. Recuerdo a este respecto cuando estudié la carrera de Químicas, que el Profesor de Química Industrial Vian Ortuño nos repetía que el petróleo iba a aportar a la sociedad energía barata, pues decía "el petróleo sale solo y el carbón hay que sacarlo del fondo de las minas". Ha sido así sin duda estas últimas décadas, además de haber aportado menos nivel de dióxido de carbono a la atmosfera para nuestra movilidad en los coches (imagínense que hubieran sido a carbón como las locomotoras de tren antiguas). No concebimos el actual nivel de desarrollo sin toda la aportación del petróleo y

sus artículos derivados, entre ellos la gasolina y el gas-oil. Pero hemos llegado a un punto que obliga a replantearnos nuevamente cuales fuentes de energía utilizar que sean más sostenibles. Y en este debate los ciudadanos necesitamos datos, ya que si por un lado las energías renovables parecen una solución, no he visto publicadas estadísticas de las emisiones de CO2 que se pueden producir, por ejemplo, en la fabricación de las placas para fotovoltaicas o en la de las torres eólicas.

Y en cuanto al almacenamiento de energía en las baterías y su uso en coches eléctricos ¿cuánto costará técnica y económicamente su reciclaje? Hay muchos y muy buenos artículos en los medios promoviendo las energías alternativas, ya que estos temas

afortunadamente empiezan a ser materia de conversación ciudadana y deberían ser también materia de discusión por los partidos políticos. Pero necesitamos datos objetivos. Sin energía barata no hay desarrollo futuro y aquella basada en los reactores de fusión, no parece que esté tecnológicamente cercana. En cuanto al petróleo, nos han dicho muchas veces que sus reservas no son infinitas, por lo que parece necesario pensar en cuál es su mejor uso para que otras generaciones se beneficien de sus muchas aplicaciones. Tal vez no sea el de simplemente quemarlo en los vehículos. Para que las opciones que se adopten estén basadas en el conocimiento de las consecuencias a largo plazo y en principios éticos, me parece imprescindible que se nos aporten más datos y argumentos objetivos.

También, que éste sea uno de los temas prioritarios de investigación pública: 1) porque la energía es un bien por el que la Administración debe velar que llegue a todos en precios asequibles y 2) para armar al país de mayor número de buenos investigadores y especialistas que le permitan a la Administración no tener que comprar sin remedio la tecnología que nos vendan otros países. Porque aunque no solo la investigación pública asegura la objetividad, los investigadores públicos tienen la obligación de ser objetivos.

De cualquier manera, del abordar soluciones para las futuras generaciones no es solo responsabilidad de los investigadores, los partidos políticos o las Administraciones, sino que es

de cada uno de nosotros, no solo por los gestos pequeños que ya se nos demandan en la vida diaria respecto de los productos no reciclables de un solo uso, sino que debemos preocuparnos por tener una opinión propia. Para promover la concienciación de esa necesidad de tener una opinión propia como ciudadanos, basada en argumentos racionales, científicos y éticos se ha creado la Asociación Española para el Avance de la Ciencia, AEAC, que no pretende ser una asociación de científicos, sino de ciudadanos preocupados porque las decisiones que atañen de forma importante a nuestra sociedad, sean tomadas con el fin de que aumente la sostenibilidad de nuestro planeta y sus ocupantes, y no preferentemente por intereses de rendimiento económico.

REBAJAS

¡Abajo los precios!

www.rapimueble.com

DORMITORIO
DE
MATRIMONIO

Antes: 429€

299⁹⁹€

Rapimueble

Una forma diferente

La Coruña - Santiago de Compostela
Lugo - Ribadeo - Orense - Vigo
Pontevedra - Cambados - Lalín
Vilagarcía de Arousa

**APÓSTOL
2019**

Problema demográfico problema económico

**MARÍA DO CARME
GARCÍA-NEGRO***Profesora titular do
departamento de
Economía Aplicada
da USC*

O chamado problema demográfico parece ser un dos grandes problemas identificados na axenda política galega do momento: si, efectivamente, temos un problema demográfico, temos a manifestación, na demografía, de problemas sociais e económicos moi profundos. Pasamos de ser un país que nos comezos do século XX era maior que Dinamarca a ter menos da metade do poboación dinamarquesa, no presente. Pasamos de ser emisores netos de emigrantes e seguir medrando a quedar exhaustos pola sangría emigratoria, non medrar, decrecer e seguir enviando mozos á emigración. Pasamos de dar de comer a todo o Estado a ter a taxa de abandono de terras máis veloz de toda Europa. Pasamos de posuír máis da metade de todas as entidades singulares de

poboación habitadas de todo o Estado a ser a nación do Estado que ten xunto con Asturias a maior taxa de despoboamento rural. As solucións apuntadas desde o goberno non deixan de ser xestos que no mellor dos casos podemos cualificar de inxenuos: é posíbel crer que con un cheque bebé -da contía que for- alguén se vai animar a ter fillos? É unha xustificación parlamentaria -de oportunidade, só- dicir que nunha enquisa do asunto queda reflectida pouca importancia económica?

A forma de abordar o problema demográfico, e polo tanto a maneira de intentar pórllle remedio, varía moito, dependendo do suxeito que realiza a análise: en calquera caso non son boas conselleiras as présas, o débito electoral, os resultados inmediatos,

as medidas estrela (dun día, diríamos) e a ausencia de visión de conxunto do país. No noso caso, se tivésemos que identificar un factor social decisivo na toma de decisións a respecto de favorecer unha onda de natalidade nova, sería sen lugar a dúbidas o elemento económico. Por varias razóns. Algunhas, dunha evidencia notábel, e unhas outras que só son detectábeis de forma indirecta e tendo en conta a sociedade no seu conxunto. Dedúcese do dito até agora que o feito de ter fillos, de non os ter, ou de nen sequer chegar a se plantexar o feito, lonxe de ser unha decisión individual, responde a unhas pautas de conduta que son sociais no sentido de se dar no seo da sociedade en correspondencia coas vagas sociais dominantes. Quere dicir, con outras verbas, que se ben o feito de ter fillo/s

prodúcese de forma individual, non son as persoas atinxidas: nai, pai, nai/pai, os que toman as decisións como se dun acto persoal e intransferíbel se tratar: son as condicións sociais de perspectiva de futuro, de certa cohesión social, de ánimo colectivo no futuro e/ou mesmo de proxecto colectivo os que serven de acicate do ánimo social preciso para promover a decisión individual de procrear. Neste sentido non é nen sequer a dispoñibilidade individual de certo nivel de renda considerado mínimo o garante da decisión de ter fillos, senón o clima social con boa atribución en servizos e condicións laborais para mozos que se sintan arroupados socialmente ao se enfrontaren cunha decisión que, sendo persoal, ten un alcance social e de futuro. Corresponsabilizar-

se socialmente quer dicir que o papel do goberno autonómico deberá ir moito máis alá -se se quer en serio contribuír a solventar o problema- de accións individualizadas sobre os que xa teñen fillos. Deberíase intervir sobre a modificación das condicións de exercicio do traballo: horarios, contratos, vías de promoción laboral, salarios. E, ademais, garantir que non vai existir unha só nai que polo feito de ser único parente da criatura, teña que pasar necesidades económicas, de sobrecarga de traballo, ou de falta de capacidade para criar o(s) seu(s) fillo(s) en condicións de desigualdade doutros. Mentres os nenos, todos e cada un, non teñan exactamente as mesmas oportunidades, nazan onde naceren, non se pode responsabilizar ás mulleres de non teren máis fillos.

**APÓSTOL
2019**

Desde Asunción a París pasando por Compostela

**MARÍA
CADAVAL
SAMPEDRO***Profesora de
Economía Aplicada
en la USC*

Corría el año 1991 cuando Argentina, Brasil, Paraguay y Uruguay firmaban el Tratado de Asunción a fin de crear el Mercado Común del Sur. Apenas un mes después, el 29 de abril, los ministros de relaciones exteriores de estos cuatro países presentaron el Mercosur ante la

Comisión Europea, con el objetivo de estudiar un acuerdo de cooperación. La primera piedra se puso en Guimaraes, el 2 de mayo de 1992, después de sellar la alianza de cooperación interinstitucional para facilitar la experiencia europea en materia de integración, intercambio de información, formación de personal, asistencia técnica y apoyo institucional. Pero el proyecto encalló.

Iberoamérica, crisol de culturas con nexos comunes con el Viejo Continente, inició un camino lleno de luces y sombras, con un gran potencial de aprovechamiento no siempre desarrollado. La parálisis en la integración política y económica fue superada por la educativa. En octubre de 1998 la Unesco celebró en París la Conferencia Mundial sobre la Educación Superior para establecer los principios fundamentales de una reforma de los sistemas de enseñanza superior en el mundo, que se basó en la Declaración Universal de Derechos Humanos (1948) y reconoció la importancia

del progreso científico en el desarrollo integral más allá de las fronteras. Los lazos que unen Europa y América Latina sirvieron de acicate para que la cooperación universitaria intensificase su relación desde entonces y la Declaración de Río sirvió de palanca para impulsar la creación del UEALC -Espacio Común de Enseñanza Superior de la Unión Europea, América Latina y el Caribe-. Conscientes las Universidades de que no podían permanecer quietas al albur de la inacción política, fueron proactivas y ayudaron a dinamizar el proceso. La Universidad de Santiago sirvió de peregrino ejemplar en ese Camino y contribuyó -a través de la Conferencia Iberoamericana de Rectores celebrada en Compostela en 2004- a dar un paso de gigante en el desarrollo de programas de educación superior, que pueden tener ahora un nuevo impulso.

Si la lucha noble y leal de las ideas es lo que asegura el progreso, como

afirmaba Castelao, parece que pocos meses antes de que finalice el actual mandato de la Comisión, Europa se reivindique a sí misma como baluarte del libre comercio, en un contexto donde lo que prima es el proteccionismo. No sin controversia, Mauricio Macri y Jair Bolsonaro -mandatarios de Argentina y Brasil respectivamente- han podido lucir en la última cumbre del G20 en Osaka, junto a Juan-Claude Juncker, una alianza política que dará lugar al Tratado de Asociación entre la UE y el Mercosur. Los flecos han de peinarse en los próximos meses, en medio de la preparación de las elecciones argentinas que no facilitará las cosas, pero el paso es importante. Tras 20 años de dimes y diretes, el acuerdo entre la UE y el Mercosur creará un mercado de casi 800 millones de consumidores, sin aranceles -más allá de los sectores especialmente vulnerables- y dará un espaldarazo a la cooperación internacional y al libre comercio. Era ahora o nunca.

Más allá de la retórica, la alianza estratégica entre América Latina y la UE importa, más aún si se quiere evitar la Trampa de Tucídides. El padre del realismo político en su narración de la Guerra del Peloponeso hizo referencia en el S.V a.C. a que la tensión estructural entre una potencia nueva que reta a otra que tiene su posición consolidada crea el caldo de cultivo necesario para que estalle una guerra. Actualmente existe ya una guerra comercial y de poder entre China y Estados Unidos, que acabará decantando el poder material, económico y quizás también militar para las próximas décadas, si un tercer agente -pongamos por caso la UE- no lo evita. El mundo parece estar dividido entre Norte y Sur. No cabe duda de que el Norte seguirá dominado por EE.UU., -que desafía a Europa en general y Alemania en particular, lo que ha llevado a muchos a cuestionar su fiabilidad como socio estratégico-, mientras el liderazgo del Sur

está por determinar. China tiene claro en su horizonte dar el salto como potencia hegemónica a África, al Sudeste Asiático y Asia oriental. Pero la gran incógnita es América Latina, también en su punto de mira.

La Unión Europea pesa cada vez menos en la bipolarización mundial, y menos que pesará si el proyecto languidece y sigue perdiendo adeptos. Parece deseable que el Proyecto Común despierte de su letargo y adopte una autonomía estratégica que lo posicione como tercer polo geopolítico y económico mundial. Es evidente que no puede cambiar la dirección del viento, pero sí ajustar las velas. El primer paso está dado: salvo con Bolivia y Venezuela, la UE tendrá firmados acuerdos con todos los países latinoamericanos. Más allá del simbolismo histórico, que también lo tiene, la importancia de este hecho es real. A ver si con este viraje de velas el barco consigue llegar a buen puerto.

**estamos cerca
estamos unidos
y es nuestro día**



25 de Julio
desarrolla Galicia



**APOSTOL
2019**

Será que se camiña cara o «analfabetismo funcional»

**MARISA
CASTRO
CERCEDA***Bióloga e profesora
da Universidade
de Vigo*

O último ano podería ter sido o «ano das Liberdades» (con maiúscula): a liberdade de expresión, a liberdade de pensamento, a liberdade para vivir cada un como considera que debe facelo..., conservando tolerancia e respecto aos demais, sen racismo nin xenofobia: entre homes e mulleres, pais e fillos, profesores e alumnos, maiores e xente nova, hetero- e homosexuais, dereitas e esquerdas, cristiáns e musulmáns... Respecto nas clases políticas e gobernantes, xa que como representantes nosos son os que deberían dar exemplo ao resto da poboación. Os insultos e descualificacións son un claro exemplo do que non debe ocorrer: «nin parecen persoas estudadas» como dirían os máis vellos.

Esta situación de intransixencia espalla no ambiente unha estraña sensación e

un certo «pasotismo» cultural e político. As persoas saben ler, aínda que moitas só en «webs» e «blogs», textos que, en moitos casos, non foron revisados por ningún con formación específica sobre o tema, e escribir, só que practican a escrita nos whatsapp e mensaxes de móbil, o que non axuda a expresarse correctamente, a saber aplicar as regras de ortografía, nin a poñer en orde as ideas que se queren expresar, o que é peor.

Será por isto que o éxito da televisión radica no fútbol, na cociña e nos «reality shows», que obrigan a pensar pouco. Que está a pasar?

Será un fallo da educación familiar e do sistema educativo? Será que se vive demasiado rápido e a xente non se para a reflexionar? Será que a incerteza no futuro preocupa

demasiado á poboación para pensar noutras cousas? Ou será que con tantas novas tecnoloxías a memoria histórica está desaparecendo? A este paso entrarase nunha era de «analfabetismo funcional» con moita «titulitis», pero ética, moral e sentido común, cero.

Nos últimos tempos preocúpame esta situación e as súas consecuencias. Hai menos de 100 anos Adolf Hitler e Benito Mussolini, persoas das que agora nos escandaliza o seu comportamento, subiran ao poder mediante un sistema electoral «democrático» e, coa aprobación dunha poboación que non pensaba nas consecuencias. Así, puideron facer todas as monstruosidades que se lles atribúen. Serían os alemáns e os italianos de principios do século XX irresponsables? Esa situación, aínda recente, deberíanos facer

lembrar que as maiorías permiten xustificar, legalizar e desculpar as maiores atrocidades, sen que por iso sexa o comportamento ético, correcto e esperado dun ser racional. Ou estarase perdendo a racionalidade?

É na etapa da educación superior, onde se atopan os futuros gobernantes deste país, mas... espertar o espírito crítico e a creatividade ou desenvolver valores éticos na xente nova que enche as universidades considérase importante? Ou neste mundo súper informado só interesa continuar a memorizar os innumerables coñecementos que, en breve, van ser superados por outros? A importancia que se lle da as probas memorísticos, tanto na primaria, na ES.O. e no bacharelato como na selección e na universidade, xustifica o que estou a dicir.

Sen educación e formación crítica pouco se pode esperar da sociedade. Sería bo non esquecer as palabras dunha sabia muller, a bióloga norteamericana Lynn Margulis, cando dicía: «a ciencia de hoxe non é máis ca mitoloxía do futuro».

Parece máis importante ca nunca escoller ben as lecturas e as fontes de información, ser críticos con elas, e non esquecer que o papel e as redes sociais terman do que lles poñen. Que difícil resulta para moitos entender que o que se le e se ouve non ten porque ser verdade! Só pensar, se dos temas que percibimos algo vemos erros graves, cantos aparecerán nos temas que non coñecemos e que non podemos comprobar? E como o «falar non ten cancelas», xa se sabe. Practiquemos o pensamento crítico e deixaremos de ser analfabetos funcionais.



Rúa do Franco, 20
Santiago de Compostela

T. 981 06 83 01
www.elpapatorio.com

TAPAS & BRASAS

felices fiestas






Tapas, carnes gallegas y pescados en parrilla de carbón...

En El Papatorio Tapas & Brasas, queremos enseñarle todo lo que hacemos; nuestra cocina está a la vista. Ofrecemos un mundo de tapas, además de carnes gallegas y pescados hechos en parrilla de carbón. Una decoración moderna con un aire retro. Un local cómodo y agradable.

APÓSTOLO
2019

O politicamente incorrecto: Santiago de Compostela, capital de Galicia



CONSUELO FERREIRO REGUEIRO

Profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da USC

Farta de escoitar que algo ou alguén non é politicamente correcto, demandei a un político amigo polo significado de tal expresión e

respondeume –que me perdoe el e a Ciencia Política pola miña escaseza de rigor na transcripción- que se trata de evitar unha linguaxe, un xesto ou un comportamento que é apreciado como excluínte ou segregable ou ferinte para un colectivo considerado ab initio como desfavorecido.

Comprendín, caramba!, comprendín que existise, sempre dende o meu ver, unha certa reticencia, unha tendencia ao circunloquio, un emprego do eufemismo co obxectivo de non expresar a realidade legal –xurdida no ano 2002 coa promulgación da Lei da capitalidade-, e tamén a cultural: Santiago de Compostela é a capital de Galicia.

Concluí que esa realidade legal e cultural non resulta politicamente

correcta porque, segundo o xa dito, ten que existir un colectivo considerado ab initio como desfavorecido e que merece ser protexido para que ela non lle produza o efecto de excluído, segregado ou ferido.

Alén de que con esta posición foméntase a comparación entre colectivos, pois haberá outro que teña ese mesmo sentimento de exclusión, segregación ou ferida pola ausencia fáctica de recoñecemento da capitalidade, esa ou calquera outra comparación, senón se alega para acadar a igualdade, pode ser causa de confrontación e de esperpento valleinclanesco: o sentimento de cada un dos dous colectivos si reflectido no espello cóncavo ou no convexo devolve unha imaxe distorsionada, as veces patética.

Fuxindo do esperpento, da división, cómpre que os responsables públicos, en aras dunha correcta xestión e organización dos nosos intereses, da “res pública”, empreguen unha linguaxe que se comprenda, que sexa directa e, sobre todo, honesta. Ben que tal petición conte con toda a ilusión dun neno ou dunha nena cos Reis Magos, pero aínda así non me resisto a facela tanto como desexo persoal e íntimo meu, como por advertencia da progresiva separación entre o pensar do pobo e o actuar daqueles responsables.

É chegado o tempo, hoxe Día de Galicia, de que xurda como natural, común, ou ordinario –e dicir isto é moito nunha sociedade no que a persoa non sabe o que facer para

mostrarse diferente- falar da nosa capital, empregar a verba “capital”, porque Santiago de Compostela é a sede da maioría das institucións –deixando á marxe certos anacronismos- que nos temos dado a nos mesmos e que nos representan como galegos

“É chegado o tempo de apreciar como o maior dos nosos bens materiais, non naturais, a cidade de Santiago de Compostela e o camiño que nela remata

e galegas, afastando por unha vez os cálculos derivados do número de votos das grandes áreas metropolitanas.

É chegado o tempo, hoxe, día do Apóstolo Santiago, de apreciar como o maior dos nosos bens materiais, non naturais, a cidade de Santiago de Compostela e o camiño que nela remata. Un camiño loado, coma sempre, máis por estraños que por propios, por ser fonte da espiritualidade que cada un desexa atopar ou afondar e miscelánea de orixes, razas, linguas, culturas e credos.

Se todo o escrito é froito da miña mente na deriva, pido perdón o lector polo tempo perdido; pero si fose doutro xeito, que saiba este que milito por sorte no politicamente incorrecto o que me lexítima para dicir moi alto: Santiago de Compostela, capital de Galicia.



OURIVES DE COMPOSTELA

Asociación de Artesáns e Comerciantes
“Ourives de Compostela” ven de presentar:

Plan Estratéxico 2019-2032

O Plan estratéxico da Ourivería de Compostela

**Súmate con nós ao
RENACEMENTO
da Pratería e da Acibechería**

Infórmate en:

ASOCIACIÓN DE ARTESÁNS E COMERCIANTES
“OURIVES DE COMPOSTELA”

ourivescompostela@outlook.com

Felices Festas do Apóstolo!

APOSTOL
2019

Todos los días son 8 de marzo



**CONCEPCIÓN
CAMPOS
ACUÑA**

*Directiva Pública
Profesional y
Presidenta de la
Asociación de
Mujeres en el Sector
Público*

El día 8 de marzo es el día internacional de la mujer trabajadora, y alrededor de esa fecha se concentran numerosas iniciativas, acciones, y, sobre todo, un gran protagonismo mediático. Institucionalizado como tal por Naciones Unidas en 1975 y más de 100 años después de su instauración, en esa fecha, en especial en los últimos años tras el movimiento #MeToo y una mayor conciencia social con la problemática de la discriminación por género, absolutamente todos los medios de comunicación, en cualquier formato, las autoridades, y demás actores de la sociedad civil prestan atención y dan voz a la lucha por la igualdad.

Sin embargo, más allá de esa fecha la intensidad de los focos y de la atención se reduce, y mucho (cuando no se apaga), y si intentas "colocar" en medios de comunicación temas relevantes para la igualdad real, con carácter general, el interés resulta mucho menor, y si se trata de medios audiovisuales, conseguir un hueco para dar voz a iniciativas en pro de la igualdad o a situaciones de discriminación existentes la dificultad es

todavía mayor, casi una tarea de titanes.

Pero esta lamentable realidad no sólo afecta a los medios de comunicación, algo similar sucede con las instituciones públicas, que no sólo deberían apoyar todas las iniciativas que promuevan la mejora de la igualdad, en general, y de la igualdad de género, en particular, sino que están obligadas a adoptar una posición activa. Aunque nuestra Constitución reconoce el derecho a la igualdad en su artículo 14, éso no es suficiente, hacen falta acciones concretas todos los días, pero, en demasiadas ocasiones, las buenas palabras de los poderes públicos no se concretan en acciones y medidas directas con un impacto real.

Y, lamentablemente, esas acciones y medidas son muy necesarias, porque se trata de un cambio cultural, que debe llevarse a cabo en conjunto por toda la sociedad, hombres y mujeres, comenzando, cómo no, por la educación, pero con el apoyo fundamental del sector público y del sector privado, y ahí los medios de comunicación juegan un papel

fundamental, difundiendo acciones e iniciativas en favor de la igualdad, denunciando las desigualdades, la discriminación y las injusticias que impiden contar con el talento de la mitad de la población.

En Galicia hay grandes mujeres, desde Emilia Pardo Bazán, un auténtico referente para el feminismo y cuyo nombre representa un modelo de mujer que se ha reconocido con las medallas creadas este año por la Xunta de Galicia, hasta activistas de absoluta actualidad, como María de la Fuente Freire, una gallega que con su lucha consiguió algo nada fácil, la modificación de la Ley de la Ciencia para acabar (al menos en parte) con la discriminación que sufren las mujeres que deciden ser madres. Y también contamos con magníficas iniciativas de colectivos que han decidido alzar la voz para poner fin a una situación que se prolonga desde hace mucho tiempo, mulleres rurais, redeiras, executivas de Galicia, y también, entre otras, la Asociación de Mujeres en el Sector Público que tengo el honor de presidir.

Mujeres que trabajan

(trabajamos) por la igualdad todos los días, sea o no 8 de marzo, que llamamos a todas las puertas, con desigual fortuna, intentando conseguir la igualdad real, intentando que las medidas de conciliación existentes permi-

tan tener vida profesional y personal (de verdad), medidas que ayuden a romper los techos de cristal, a que desaparezca la brecha salarial, medidas que garanticen el acceso en condiciones de igualdad a los puestos directivos. En definitiva, que trabajamos para intentar contribuir a construir una sociedad mejor, una sociedad igualitaria.

“ Aunque nuestra Constitución reconoce el derecho a la igualdad en su artículo 14, éso no es suficiente, hacen falta acciones concretas todos los días, pero, en demasiadas ocasiones, las buenas palabras de los poderes públicos no se concretan en acciones y medidas directas con impacto real

No lo olvidemos. La lucha por la igualdad no sólo se lleva a cabo el día 8 de marzo, debe estar presente cada día, siempre en positivo, y para ello necesitamos el apoyo de todos los ámbitos de la sociedad, pero sobre todo necesitamos voz para reivindicar las medidas necesarias que contribuyan a ello. Las redes sociales, internet y las nuevas tecnologías han democratizado la difusión de la información y las posibilidades de la comunicación, pero seguimos necesitando a los medios de comunicación tradicionales y a los poderes públicos, porque la voz de la igualdad debe ser escuchada más allá del 8 de marzo. Porque todos los días son 8 de marzo, demos voz a la igualdad todos los días.

APOSTOL
2019

Mirada allea, non tan allea



**ROCÍO
DE FRUTOS
MADRAZO**

*Inspectora de
Trabajo
Exdiputada do
PSOE no Congreso*

Cúmprense os mesmos anos de estancia aquí como aqueles outros que pasei no meu Pucela natal que, por suposto, levo no corazón. É por tanto esta bicefalia emocional e vital, a que me permite ter unha visión de pertenza a Galicia -gañada con traballo-, á vez que contrastada con esa "mirada allea", ou non tan allea, achegada polo meu orixe.

Sen aplicar de inicio ningún tipo de argumento identitario que viñese comigo, a presenza continuada incorpora ás cousas que inevitablemente pasan alá onde paces e mouras, outra serie de especiais pegadas que sen darte conta vas asimilando. Creo non se trata de morriña, nin nostalxia, nin sau-

dade, que seguro non me corresponden ou si. É máis sinxelo. Simplemente un día caes na conta que queres formar parte desta terra e

“ Espero que co eco de Galicia neste o seu día, sexamos capaces polo interese común e sen distinción de ideoloxía, extracto social, raza, nin procedencia, facer chegar o noso berro onde corresponda

que é aquí donde queres estar.

Tamén e insisto que sen buscalo, puiden constatar que a diversidade cultural e territorial é unha realidade incuestionable. Unha afortunada realidade, que constrúe un todo dunha increíble riqueza e singularidade á que deberíamos ter o orgullo de pertencer. Por tanto, entendín que a viabilidade deste modelo de estado, non pasa pola unificación, pola imposición dunha única forma de entender a vida, senón pola toma en consideración e o respecto cara as diferencias. Unha actitude indispensable e da que cada vez estamos máis afastados, por unha banda e pola outra.

Desde a experiencia como deputada nas dúas últimas e breves lexislaturas, tiven a ocasión de comprobar o difícil que é loitar contra paradigmas doutra época que o sistema ten totalmente instalados. Ese "Madrid y provincias" tan antigo e desconsiderado. Desde este equivocado imaxinario, constrúese o concepto de interese xeral e decídese cales son as necesidades de tódolos cidadáns. En ningún caso, incorpórase a esta visión sociopolítica as singularidades territoriais.

Esta forma e ocupándome do que toca, é frustrante presentarse como os problemas dos galegos non atopan oco no debate parla-

mentario, nin nas comisións, nin nos proxectos lexislativos, nin sequera e de xeito evidente, nas preguntas ao goberno. De Galicia non se fala. Case parecería que non se pode falar.

Así pois, espero que co eco de Galicia neste o seu día, sexamos capaces polo interese común e sen distinción de ideoloxía, extracto social, raza, nin procedencia, facer chegar o noso berro onde corresponda. De non ser así, tocáranos seguir asumindo as consecuencias. E iso depende de toda/os nós.

Desde a miña "mirada allea", celebro esta festa das galegas/os con ledicia e como propia. Iso si, tendo en conta de donde veño e por tanto "aprovechando que el Pisuerga pasa por Valladolid".

REWIND <<

MON. 07-08-18
19:38:12

REPETIMOS?



Santiago de Compostela

Noia

Muros

Carnota

Ézaro

Cee

Fisterra



Volvemos á Fin do mundo?

Busca o teu billete en monbus.es



APOSTOL
2019

Rosalía, a Galicia da tola



MARÍA
OFIR
ABOY
GARCÍA

Secretaría de
Administración
Local

Chamábanlle tola. O paso do tempo púxo a no seu sitio. A Galicia de hoxe non sería a que é se non comezara a crearse no soño dunha "tola". Rosalía de Castro, a figura literaria con maiúsculas que mellor reflectiu o que é o noso pobo. Unha Galicia matriarcal de nais, avoas e fillas afeitas a un lar que aínda con pedras no camiño ou penas nas costas, muda por espertar e facer realidade o rexurdir do noso, ao carón da terra que nos viu nacer.

Esta galega universal, precursora do movemento feminista, non quixo nunca estar na sombra, único que lle permitía a sociedade machista da época, e xa o demostrou moi nova, no ano 1859, con 22 anos, no prólogo do seu primeiro libro, *La hija del mar*, ao eloxiar ás mulleres que protestaron eternamente contra a desigualdade

e pedindo desculpas por ser una muller e ademais a autora dun libro. Despois escribiría a famosa frase que se ten convertido en bandeira: "Eu son libre. Nada pode conter a marcha dos meus pensamentos e eles son a lei que rexe o meu destino"

A nos mais tarde, cando xa non estaba entre nós, e como lle ocorreu a tantas e tantas, chegaría a culminación dun logro que se forxou na fría soledade da loita, da protesta, da procura de xustiza, cunha incansable forza interior e vontade de seguir sentindo Galicia e a súa xente, sen importar o que os demais pensaran dela, e que tan ben mostrou no seu impagable e aplaudido legado.

Esta maneira xenuína de sentir abriu as portas, cun vento xa impagable, para que todas as demais mulleres, que

tamén tiñan algo que dicir, seguiran a este-la das que xunto con Rosalía, soñaban cunha Galicia distinta e mellor. En positivo, sen marcas nin sinais, que floreceu ao son das súas raíces e mostrou ao mundo enteiro que ser da terra da morriña, é pertencer a un lugar máxico, cheo de amor, ledicia e tenrura e que sen temor fai crecer erguidos os alicerces que fan, deste o noso pobo, un recuncho de harmonía entre as distintas formas de imaxinar o sentimento de pertencer a unha cultura inclusiva en todos os aspectos.

Mulleres como ela, e todas as que viñeron despois, como as recentes galardoadas coas medallas Castelao, pouco a pouco conseguen que esa negra sombra se converta en luz. Por iso, nós, as galegas do s. XXI, dous séculos

“Esta galega universal, precursora do movemento feminista, non quixo nunca estar na sombra. Escribiu a famosa frase que se converteu en bandeira: “Eu son libre. Nada pode conter a marcha dos meus pensamentos. Eles son a lei que rexe o meu destino”

despois do nacemento da poeta galega, aínda que somos conscientes de que quedan lugares no mundo na procura da paridade (que de seguro conseguiremos), somos o que somos, mulleres fortes, valentes, combativas, solidarias e orgullosas de pertencer ó imaxinario popular dunha tola.

Gustaríame finalizar esta lembranza no Día de Galicia dando as grazas a “EL CORREO GALLEGO” que dende anos fai visible o sentir das mulleres que teñen algo que dicir. Todas as que escriben a diario nas súas columnas deixan unha herdanza inmortalizada en letras de molde para o futuro. A da unión de todas as galegas que hoxe somos independentes e libres para imaxinar, soñar e conseguir ser o que queremos.

UN LUGAR IDEAL PARA SABOREAR LAS SABROSAS TAPAS DE COMPOSTELA

Rúa do Franco, 37 • T. 981 586 045 • Santiago de Compostela • www.atabernadobispo.com

